




Xermolos

Asociación Cultural de Guitiriz



Cadernos

XXXV Certame Terra Chá



PRESENTACIÓN

Volvemos a estar aquí outro ano, pero este está a ser algo especial. Celebramos o **ANO DE DIAZ CASTRO**, un poeta que deu pulo ó Festival de Pardiñas, e nos correspondemoslle con esta publicación. Somos rapazas e rapaces de toda Galicia, que medramos coa súa poesía e actitude exemplar, e que queremos seguir bebendo do seu manancial creativo, porque a travesía deste ano foi coma un río que refresca o noso andar.

Esta revista axuda a coñecer e ter unha ollada axustada de Díaz Castro, froito da nosa colaboración espontánea de difusoras e difusores da súa poética, porque “a beleza feríunos para sempre”.

Coas nosas achegas podemos compartir o perfil do poeta:

- A persoa**
- A súa obra: Nimbos**
- Distintas lecturas dos seus poemas**
- A volta á Terra Nai, o Festival de Pardiñas**
- Díaz Castro na nosa creación**

- 1.- O TEATRO
- 2.- OS MURAI
- 3.- O COMIC
- 4.- VIDEOPOEMAS
- 5.- A FOTOGRAFÍA


Foi tal a fervenza creativa destes meses que imos cambiar as bases e os obxetivos deste certame, e mesmo imos ampliar as actividades e a proxección na sociedade destas iniciativas. Nesta edición decidimos abrir o certame a novos soportes: videopoemas, teatro, murais, cómic, fotografía...

Así imos organizar cada ano un

CERTAME DE CINE ESCOLAR, dado o número importante de propostas que recibimos neste ano. Unha **EXPOSICIÓN DE MURAI E FOTOGRAFÍA**.

Acreditamos que con este traballo axudamos a descubrir o patrimonio de todas as comarcas. Este caudal mestura nunha harmonía total correntes de auga das Rías Baixas, da Terra Chá, do Eume, do Ribeiro, a Mariña, Mondoñedo, Ourense, Lugo, A Coruña, as Mariñas, a Ulloa, etc., porque participamos nesta ofrenda veciñas e veciños destas e outras comarcas e concebimos a Galicia integrada por bisbaras e rexións.

I-A PERSOA



XOSÉ MARÍA DIAZ CASTRO
LETRAS GALEGAS ' 2014

Ariadna Rego Dorado
3º EP. Insua Bermudez. Vilalba




'GRAZAS DÍAZ CASTRO'

Díaz Castro querido,
que habitabas no olvido,
renaciches entre nós;
e témosche agarimo.

Contigo aprendimos,
a querer unha herba,
contigo Poeta;
firiunos para sempre...
a beleza!

Os mellores poemas,
son cantados,
un paso adiante,
i outro atrás...
grazas Díaz Castro!

**Fátima Fernández García, 4º da Eso
les. Poeta Díaz Castro. Guitiriz**



**Juan López Pazo, 6º de primaria
Ceip. Lagostelle. Guitiriz**

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Xosé M^a Díaz Castro, personaxe, pero sobre todo persoa. Nace no Vilariño na aldea dos Vilares no ano 1914. Con 15 anos marcha a Mondoñedo a estudar no Seminario e alí escribe os seus primeiros cadernos de poesía “Follas verdes” e “Follas ó aire” que non foron editados ata agora (1932-1935).

En Xuño do 1936 tras rematar os cursos de Latín, Humanidades e Filosofía marcha de Mondoñedo para ingresar no exército como voluntario ó comenzo da Guerra Civil.

No ano 1939 xa licenciado regresa ó Seminario a rematar os seus estudos que acaba por abandonar por non ter clara a súa vocación.

No ano 1940 comenza a traballar en Vilagarcía de Arousa como profesor de Francés, Inglés, Alemán, Filosofía, Relixión e Latín.

En Betanzos recibe os premios dos Xogos Florais no 1946. Chega a Madrid no ano 1948 onde traballa no Ministerio de Gobernación como tradutor. No ano 1954 casou con María Teresa Zubizarreta e teñen tres fillos. No ano 1961 publica o seu único libro “Nimbos”. O éxito foi rotundo e escritores como Cunqueiro, Anxel Fole e outros non escatiman en eloxios. “Penélope” é o poema máis coñecido do escritor, nel fala da represión e pasividade que existe no país. En 1985 xa xubilado fixa a súa residencia en Guitiriz e son varios os actos e homenaxes nos que o escritor é recoñecido. Unha das homenaxes máis destacadas foi a celebrada por Xermolos o día 21 de Abril de 1990.

O 2 de Outubro de 1990 finou o noso veciño ós 76 anos de idade.

Xosé María Díaz Castro aínda que estaba fóra de Galicia sempre estivo unido ás súas raíces. Na súas obras os temas son diversos pero sempre referidos a súa Terra Chá.

A modestia que o caracterizaba, fixo que nunca quixese publicar ningún dos seus traballos xa que era un home moi perfeccionista. Isto mesmo fixo que fose pouco coñecido por ter publicado só un traballo. O meu primeiro contacto co escritor foi a través do meu amigo Alfonso Blanco Torrado que me regalou o libro Nimbos.

Dende o primeiro momento atopei nos seus poemas os sentimentos dun home sinxelo, ó que lle agradaban as pequenas cousas da vida. Esas cousas podían ser as criaturas que nos rodean, a cultura das nosas xentes, das que él estaba tan orgulloso, a luz, as sombras, a terra, o ceo, os homes, a herba, as estrelas, o río, e tantas outras cousas que só él foi quen de expresalas dese xeito.

Cóntame Alfonso que foi un home moi apreciado por todos nos sitios onde viveu tanto en Mondoñedo, Vilagarcía ou en Madrid onde pasou 30 anos, pero onde máis feliz se atopaba era na súa Terra Chá. Nunca foi sinalado polar rúa por ser un gran escritor famoso senón todo o contrario, para os seus veciños era un máis. Gustáballe dar paseos por aqueles sitios que recordaba da súa mocidade e tamén ir tomar unas cuncas de viño ó bar Gaibor ou pasar horas no local de Xermolos onde dicía ser a súa segunda casa.

Todo o que está pasando este ano sérvenos ós rapaces e rapazas coma mín para achegarnos a un gran poeta, un bo mestre, un magnífico tradutor que dominaba 17 idiomas e sobre todo a unha gran persoa. Querido por igual entre veciños, amigos, escritores e familia todos admiraban a persoa antes que o personaxe.

Cando me ofreceron a posibilidade de participar neste proxecto que desenvolve o IES Poeta Díaz Castro non o dubidei nin un instante. Contar como foi a súa vida e a súa obra é para min unha satisfacción persoal. Este ano que se celebra o centenario do seu nacemento tamén se lle adica o Día das Letras Galegas que é o recoñecemento máis grande que se lle pode dar a un escritor galego.

No Instituto traballamos durante todo o curso para homenaxear ó poeta que lle dá nome ó noso centro. Foron moitas as actividades levadas a cabo, pero a máis importante foi a grabación da curtametraxe “Os camiños esquecidos”. Moito traballo, moitas horas pero tamen moita ilusión. Agardo que guste moito a todos/as. Mil gracias ós meus compañeiros, ós Mestres, a Cristina de la Torre, a Alfonso, ó persoal do centro e sobre todo a Díaz Castro por deixarnos este gran legado.



Noa con Cristina de la Torre

**Noa Pena Bodenlle. 2º B
Ies. Poeta Díaz Castro. Guitiriz**



A casa do Vilariño na que naceu Díaz Castro, el emigraría moi novo a Madrid (1948), pois non atopaba traballo coma tradutor en Galicia, e os seus irmáns foron a vivir á vila de Guitiriz. Daquela non había edificio para escola, e o mestre convivía coa familia do poeta, Era o primeiro ensinante oficial nos Vilares

Os catro irmáns Díaz Castro, Pepe sentado no chan, co mestre Vicente e a súa dona, acompañados pola tía. O poeta salientaba pola súa arte na redacción e declamación, facendo versos dende moi novo.



A Escola Habanera construída coas achegas das e dos emigrantes de Cuba, que xestionaba unha comisión de veciñ@s. Nela estudou Díaz Castro con moito entusiasmo, sen pechar o Libro da Natureza, ó que se asomaba cada amencer para aprender os segredos e tesouros de todas as criaturas.

A EXPERIENCIA DE REPRESENTAR E SOMATIZAR A DÍAZ CASTRO



Tiven que facer de Díaz Castro en inglés e diante dos da Fundación Barrié e de ensinantes de toda Galicia, nun acto en Vigo, pareceume difícil xa que viñeran a vernos porque nos deran o premio que nos deron, para min foi unha gran responsabilidade pero aínda así fíxome moita ilusión facer de X.M^a. Díaz Castro.

E logo co da película quedeime asombrado, participar nesa película o meu primeiro ano da Eso era raro, pero que te escolleran a ti entre todos os alumnos do instituto aínda máis. Esa experiencia foi increíble e sobre todo ver todo



o que hai por detrás das cámaras, tantas cámaras, focos, un micrófono moi grande, a claqueta etc. O guiión pareceume moito para aprender un neno de doce anos pero como me di miña nai: o que algo quere algo lle costa, entón aprendino. O que máis me gustou desta experiencia foi participar na película e ter unha nova anécdota que contar; o que menos me gustou foi repetir a mesma toma por unha tontería. Tamén o pasei moi ben recreando unha romería dos anos trinta, que foi onde naceu o poeta, O Vilariño; xa que a min me van moito as festas, bailar e facer folclore. Pareceume moi divetido ver a toda a xente que alí había vestida como naqueles anos; estaban moi raros e vin que o lugar onde vivía era moi bonito. Desta experiencia aprendín que non é doado ser actor.

Tamén a profesora de lingua galega deunos a iniciativa de escribir o que para nós significaban algunhas palabras que o poeta usaba moito nos seus poemas. Pareceume moi ben esta iniciativa xa que polo dadora ninguén nos preguntara que significaban para nós os seus poemas, versos e palabras.

Tamén fun a recitar un poema, "Nimbos", do noso veciño, con outros tres compañeiros a unha revista oral, "O Pazo das Musas", no Museo de Lugo. Onde actuou 2na Fronteira, e faláron Armando

Requeixo e Alfonso Blanco Torrado entre outros máis. Pareceume moi importante ir xa que se falaba dun veciño ilustre de Guitiriz e ir recitar un dos seus poemas era un honor xa que había fotógrafos, cámaras de vídeo etc.

Na ponte de Merra, indo para Bascuas, fixen un videoclip para un poema de Díaz Castro con música no que me gustou moito participar xa que eu era Díaz Castro de pequeno, volvendo da escola e a min gústame moito disfrazarme e todas esas cousas que se parecen ao Entroido; a miña festa favorita. Fíxemolo nun lugar moi bonito e nesta experiencia fun vestido como na romería.

Facer todas estas actividades para min é un honor así que me gustaría darlles as grazas aos que me escolleron para facer todas estas actividades sobre o poeta de Guitiriz, X.M^a. Díaz Castro, a Manu, a profesora de inglés, Alfonso, o de relixión, Olga, a directora do centro e outros moitos máis; e oxalá se cumpra o que di o meu profesor, Alfonso Blanco Torrado, que en Guitiriz vai saber todo o mundo polo menos un verso de Díaz Castro ao remate deste ano.

Despois de facer todo isto párome a pensar e digo: que raro que confíaran nun recién chegado, e é raro que me colleran a min, veño de entrar e supostamente case nin me coñecen. É moi fácil facer todo cando se traballa entre profesores e alumnos, eu persoalmente aínda que non fixera todas estas cousas estou orgulloso de estudar no I.E.S. Poeta Díaz Castro.


***Óscar López Felpeto Beres,
1º da Eso
Iles. Poeta Díaz Castro. Guitiriz***



Xa no 1940 principia de ensinante no Colexio León XIII de Vilagarcía, ata o 1947, sendo director o seu amigo Aquilino Iglesia Alvariño. Son anos nos que debate entre ser mestre, xornalista ou tradutor e decide este oficio.



No seminario fai teatro e participa en veladas recitando poemas.



Apuntes do primeiro curso de Humanidades no Seminario



No 1929 entra no Seminario de Mondoñedo, na foto, xa adolescente, detrás do profesor e cos condiscípulos, Moi novo afícionase a estudar idiomas, e chega a dominar uns 14, pero coñece algúns máis. Suscríbese a revistas e xornais en alemán, francés, inglés, etc..

XOSÉ M^a DÍAZ CASTRO

En boa data para nacer
naceu Díaz Castro:
un neno labrego
que bailaba cos pés.

Querido Xosé,
onde fuche a parar?
Vaiche boa que non te vexo
só a ti se che ocorreu marchar.

Díaz Castro contesta:
-Pois mira neniña,
vouche en Madrid,
e non sabes ti o ben que estou aquí.

Así a todo,
non lle debeu gustar,
pois en pouco tempo;
en Guitiriz volvía estar.

Este poeta
foi todo un artista,
pero morreu pobre,
morreu como todo galeguista.

Adeus Díaz Castro,
non te esquezas de nós,
porque connosco seguirás
coma home e poeta xenial.

Nerea González Burgo 6º E.P.
C.E.I.P. Insua Bermúdez-Vilalba

DENDE A FONTE DO CREGO

Nos Vilares hai cen anos que naciches
este ano coas túas verbas volviches.
Os mensaxeiros de Nimbos por ti falaron,
nas escolas, os nenos, os teus poemas can-
taron.

Por eles coñecemos a túa historia,
para Guitiriz este ano foi unha vitoria.
Dende a Fonte do Crego,
ata a beira do rego,
o vento peitea as herbas
como se foran as túas verbas.
Grazas, Xosé María!

Marta Elisa Sanmartín Campello 3º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle-Guitiriz

POESÍA PARA UN POETA

As Letras Galegas imos dedicar
a Xosé María Díaz Castro,
porque na literatura foi
un gran astro.

Naceu nos Vilares de Parga
que dicían que a vila
era moi amarga
porque nada se vía.

En 1914 naceu,
era de orixe labrega
e en 1990 morreu
cunha longa carreira.

En 1961 levou un premio
por "Nimbos", a súa obra,
e o recoñecemento do seu gremio,
ademais da enhoraboa.

Paula Ferreiro Vázquez 6º E.P.
C.E.I.P. M. Mato Vizoso -Vilalba

DÍAZ CASTRO

Unha cunca de caldo
e un vaso de viño
pra un homiño
que naceu
no Vilariño,
das frores
da herba
fixeche un cantar
dos camiños
dos carballos
de todo o que
estaba no teu lar.
Unha cunca de caldo
e un vaso de viño
para un homiño
que naceu
no Vilariño.

Uxía Castelo Quintanilla 1º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle-Guitiriz



Laura villar loureiro 6º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle-Guitiriz

SER ADMIRADO POR NÓS

Preto da miña vila,
 preto dos meus avós,
 nacíches Díaz Castro,
 para ser admirado por nós.

De orixe labrega fuches,
 e moitas linguas falabas,
 un exemplo para todos,
 o moito que ti estudiabas.

O amor, a vida, a morte e o tempo,
 inspiraron a túa poesía,
 que perdurou ó longo do tempo
 para non esquecer a nosa sabiduría.

Lara Rodríguez Seoane 6º E.P.
C.E.I.P. A. Insua Bermudez-Vilalba

DÍAZ CASTRO

Xosé María Díaz Castro,
 un escritor moi bo,
 que sacou moitas poesías
 do fondo do seu corazón.

Naceu nos Vilares,
 parroquia do meu concello.
 De pequeno foi labrego
 e de maior non puido selo.

Falaba moitos idiomas
 pero escolleu o galego,
 a lingua da nosa terra
 para escribir os seus sentimentos por ela.

Esmeralda chegoume ó corazón.
 E descubrín que o pequeno tamén é bo.

Paula Rodríguez González 1º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle-Guitiriz

SOMOS GALEGOS

Xosé María,
Xosé María,
Gran poeta
Na súa vida.

Galego de nacemento,
Galego de morte,
Pero o seu recordo
Está no monte.

Coa natureza xogaba,
Coa natureza aprendía,
Coa natureza amaba,
Coa natureza escribía.

Somos galegos,
Somos Xosé María,
Somos galegos,
Somos da nosa vila.

Mateo Sánchez Seoane 5º E.P.
C.E.I.P. de Teixeiro

O GRAN AMANTE DA NATUREZA


Díaz Castro,
galego que deixou
rastros.

Escritor de grandes poemas
que gustaban a novos e vellos.

Para el a natureza
sempre foi
a súa grandeza,
e describía con
gran destreza.

Naceu nos Vilares,
para el sitio
de gran beleza
por estar no
medio da natureza.

Arkaitz Abad Roca 5º E.P.
C.E.I.P. de Teixeiro





*Lucía Uríz Filgueiras 1º ciclo E.P.
C.E.I.P. de Parga*

HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2014

Os Vilares, os Vilares,
unha vila de provisión
alí xogan os rapaces
con alegría e compasión.

Os Vilares, os Vilares,
unha terra de amor
alí nacen moitas árbores
para buscar un escritor.

*Sara Pardo Aguión 6º E.P.
C.E.I.P. de Teixeira*

ESPERANZA

Esperta,
Sente a túa terra,
Pensa nas súas fermosas paisaxes,
Escoita os seus sons,
Recorda as cousas verdadeiramente importantes,
Ama ós que te rodean,
Nunca esquezas as túas raíces,
Zafa do pensamento as cousas que te fan sufrir,
Aprende dos erros, e lembra que o último que se
perde é a:

ESPERANZA

*Iria Rodríguez Carreira 6º E.P.
C.E.I.P.Lagostelle-Guitiriz*

DÍAZ CASTRO

Ti vivindo no Vilariño dos Cregos.
Os camiños por onde ti pasaches
A xente que te coñeceu.
As festas onde ti fuches.
Ti tumbado na herba escoitando os grilos.
Fuches viaxando dun lado para outro.
Fuches estudando e aprendendo polos camiños.

*Cristina Paderne Roca 3º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle-Guitiriz*

DÍAZ CASTRO

Dourada a súa pel,
Imaxe dun bo home,
Asperos os seus cabelos e
Zafiros nos seus ollos.

Cantor sublime
Alumando o mundo
Sentindo a súa
Terra, que tanto amaba.
Refacho,
Oasis de luz.

*Iria Rodríguez Carreira 6º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle-Guitiriz*

“A ESTRELA GALEGA MAIS BRILLANTE”

Alá polo ano 1914, naceu nos Vilares, unha parroquia da Terra Chá, unha estrela, que adoitaba brilar no ceo. Cando Isidro e Manuela o tiveron en brazos; foi maravilloso. Non entenden por que, pero sempre que o acariciaban, ou se achegaban a el, desprendía unha luz, a mesma que desprendía unha estrela cando brilaba no ceo.

O tempo pasou, e foi medrando, esa estrela que brila, xoga cos seus irmáns, fai travesuras pero o que máis lle gustaba é inventar e escribir poesías.

Na escola chámalle “o poeta” pero a el dalle igual, porque a poesía gustalle realmente.

É un neno con moito talento, e os seus profesores sempre o apoiaron cando se presentou aos concursos.

Con 12 anos gaña o seu primeiro concurso de poesía; foi unha experiencia máxica para el.

Esa estrela que brila tanto chegou a ser o poeta galego: Xosé María Díaz Castro.

Andrea López Rivas 6º E.P.

C.E.I.P. A. Insua Bermúdez-Vilalba

ALGUÉN PARA RECORDAR

Na aldea de O Vilariño
ás oito da mañá,
o 19 de febreiro,
naceu a quen recordar.

Seus pais, labregos de sempre
catro fillos tiveron,
a Xosé Díaz Castro,
o terceiro fixeron.

En 1929, nun seminario
foi a ingresar,
e alí todos o viron,
a súa vocación comezar.

Despois de anos de loita,
poeta chegou a ser,
sempre miraba para adiante,
hasta ver o seu soño crecer.

Que mais podo dicir del,
que a todos foi conmover,
un xenio das palabras,
que tanto deu que ver.

Un hoco para el,
sempre hemos gardar,
e así me despido,
sen nada máis que contar.

Lucía Debasa Corral 6º E.P.

C.E.I.P. A. Insua Bermúdez-Vilalba

O SENLLEIRO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Alá nos Vilares,
remoto nos tempos,
naceu un meniño,
mirando ao setestrello.

Ao abeiro das letras,
e tamén dos ecos,
encheu papeis
de bonitos versos.

Dende a chaira galega,
Á pequena pinga,
Pasando pola pequena flor
Ou senlleiro raio de sol,

Poboaron recunchos,
de milleiros e miúdos poemas.

Mondoñedo tamén foi testemuño,
entre pedras e choiva,
dun estudante e literato,
establecido no tempo.

Na memoria das xentes,
Pasando calquera das eras,
Permanecerá vivo e presente.

Polo longo tempo de literatura,
pola contribución ás nosas letras,
por moitos anos máis...
Felices Letras Galegas!!!

Silvia García Fernández, 6º E. P.

CEIP Álvaro Cunqueiro- Mondoñedo

XOSÉ M^a DÍAZ CASTRO

É un poeta moi importante,
naceu en Guitiriz,
a súa gran faceta
foi escribir.

Leva Galiza no seu corazón,
fala de amor e esperanza,
ama a súa terra
con moita añoranza.

Fala de prados e xentes,
de Parga a Pastoriza,
fala con moita morriña
da súa Galiza!"

**Samuel Albariño Amado. 6º de E.P.
C.E.I.P. A. Insua Bermúdez-Vilalba**

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Díaz Castro, Díaz Castro,
galeguiño de Vilares,
na nosa terra ti inspiras
grandes letras nos agasallas.

Os nosos prados iluminan
eses verdes rimados
cando falamos de Díaz Castro
a primaveira está chegando.

**Diego Novo Vigo 6º E.P.
C.E.I.P. de Teixeira**



Ies. Perdouro de Burela

DÍAZ CASTRO

Xosé María
era un gran traballador de día,
escribía poemas,
no seu tempo libre.

Vivía en Madrid,
pero nacera nos Vilares,
foi alí de tradutor,
aínda que tivese dor.

O gran poeta Xosé María
sempre a natureza contemplou,
así un libro escribiu
e despois o publicou.

Por iso se lle adica este día,
o das Letras Galegas,
porque el sempre escribía,
sobre a nosa terra galega.

**Brais Merelas Salgado
5º de E.P. C.E.I.P. de Teixeira**

GALIZA

Fogar dun gran poeta galego,
nacido nun pobo labrego.

Creou poemas mediante a túa beleza,
namorouse da túa natureza,
e sempre respetou a túa grandeza.

Cando se foi traballar a Madrid,
non deixaba de pensar en ti.

O seu libro chamouse Nimbos,
nel recopilou todos seus poemas,
en honor a todas as túas terras.

Xosé María Díaz Castro se chama este poeta,
e inspirou os seus poemas na túa gran beleza.

**Manuel Lorenzo García 5º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle de Guitiriz**

II- A SÚA OBRA: NIMBOS


Como
un río
quisera ser:
cantar con
estrelas no lombo
casa ó mar,
evitando unha choriza
en cada pedra, e
unha boga de
deus en cada herba.

ai unha cousa clara


Ariana Nuñez Seoane 6º E.P.
Insua Bermúdez- Vilalba

se
abreu cando
abrimos os
ollos sobre o mundo.
E eu coma a neboa
sobre os outros montes
lles cobre a gesez e
bagoas; e eu coma a est
que entra polo oco do baco
do pobre na agonia.


Hai unha cousa clara coma
luz: que no é para nós a
música do mundo a promesa máis
da hora enorme en que se di
outro nome veu o mundo.
E eu como un fonde río de record
de voces e de luces: coma o aír
que beiza todo e non se apoia
nada máis no sangue, na raíz do




Díaz Castro en vida só quixo publicar un libro e en galego: Nimbos (1961). A primeira portada é o orixinal que el mandou á Editorial Galaxia. Este libro son poemas de varias décadas que el depurou e traballou coma un canteiro que vai labrando unha pedra ata arrincarlle todo o que sobra para agasallarnos cunha escultura moi fermosa.






Hai varias edicións de Nimbos e tamén traducións. A versión bilingüe en castelán, a trilingüe en catalán e castelán, en ruso, e agora mesmo está a traducirse ó éuscaro, inglés, portugués, italiano, etc.



Este ano publicouse a súa Poesía Galega, que inclúe dous cadernos inéditos: Follas verdes e Follas ô aire, dos anos 30, que garda Xermolos na documentación que nos deixou o poeta.



Tamén se publicou un libro en castelán, Sombras radiantes, tamén conservado no arquivo da nosa Asociación Cultural.





O RIO

O río forma parte da natureza, quizais sexa unha das cousas máis importantes da mesma. Representa, tamén, gran parte da vida, xa que a auga doce dá pé a que aparezan outras formas de vida, sexa flora, fauna ou, mesmo, civilizacións ao longo da historia.

Para as persoas que convivimos cun río día a día é algo moi especial. Significa moitos recordos, moitos momentos felices, ou, simplemente, a beleza que conleva ter un río preto da casa.

O “Río”, para o poeta Díaz Castro, significaba moito e formaba parte dos seus poemas... **“COMA UN RÍO”**... Como me dixo Alfonso Blanco, para o poeta, “a vida e a literatura eran iso...” **“COMA UN RÍO”**.

Esteban Roca Núñez (BAC)
IES Poeta Díaz Castro. Guitiriz

LORBAGA

“Lorbaga” é un termo que dá significado á baga do loureiro, é dicir, ao seu froito. Trátase dun froito que madura no outono e que no seu nacemento é de cor verde e na súa maduración azul escuro ou negro.

Xosé María Díaz Castro emprega esta palabra na terceira estrofa do seu poema Cortina: “Nesta tarde cargada de lorbagas veu o Silencio”. Polo que escribe neste poema podemos ver como fala dunha tarde na que hai lorbagas, co cal podemos supoñer que o que se narra no poema se desenvolve na época de maduración do froito, no inicio do outono. Non temos máis datos que nos poidan axudar a saber cal era a razón pola que Díaz Castro empregaba este termo pero coñecendo a súa vida e a súa admiración por describir as paisaxes que o rodeaban, podemos pensar que poida que houbera loureiros preto da súa casa, ou incluso, na súa casa.

A verdade, para min o loureiro resulta ser unha árbore pouco coñe-



Eva Lopez recitando poemas de Díaz Castro

cida e non moi próxima, poida que sexa porque arredor da miña casa ou preto non hai. Pero falando coa miña avoa sobre isto contoume que antigamente en case todas as eiras das casas había loureiros xa que coas súas follas perennes e grandes facían moito abrigo. Contoume tamén como cando ían facer a malla ás casas descansaban debaixo da sombra desta árbore. Díxome que era unha árbore con

follas moi bonitas.

Polo que a partir disto podemos pensar que quizais para Díaz Castro fose tamén unha árbore próxima e lle parecese fermosa como á miña avoa por iso facía referencia ó seu froito na súa obra.

Eva López Seijas
IES Poeta Díaz Castro. Guitiriz

“XOSÉ MARÍA”

Galiza levas na mente,
Galiza levas no corazón,
Galiza recordas docemente.

Ti escribiches “Esmeralda”,
tamén “Nimbos” e “Penélope”
e entre outros moitos “Terra achaiada”.

En Madrid con emoción
traballaches de tradutor
no Ministerio da Gobernación.

Agora ao ceo fuches,
un libro publicaches,
de nome tiña Nimbos,
tamén nolo deixaches.

Uxía Sánchez Vázquez
5º de E.P. C.E.I.P. de Teixeira

DÍAZ CASTRO

Xosé María
era un gran traballador de día,
escribía poemas,
no seu tempo libre.

Vivía en Madrid,
pero nacera nos Vilares,
foi alí de tradutor,
aínda que tivese dor.

O gran poeta Xosé María
sempre a natureza contemplou,
así un libro escribiu
e despois o publicou.

Por iso se lle adica este día,
o das Letras Galegas,
porque el sempre escribía,
sobre a nosa terra galega.

Brais Merelas Salgado
5º de E.P. C.E.I.P. Teixeira

GALIZA

Fogar dun gran poeta galego,
nacido nun pobo labrego.

Creou poemas mediante a túa beleza,
namorouse da túa natureza,
e sempre respetou a túa grandeza.

Cando se foi traballar a Madrid,
non deixaba de pensar en ti.

O seu libro chamouse Nimbos,
nel recopilou todos seus poemas,
en honor a todas as túas terras.

Xosé María Díaz Castro se chama este poeta,
e inspirou os seus poemas na túa gran beleza.

Manuel Lorenzo García 5º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle de Guitiriz



ALEGRIA

Ser un poeta
é moi bonito,
é como ser
un anxelito.

Con un lapis
e un papel
vai contar
que sente el.

Terminada a poesía
ler con alegría.

Rares Mesdrea 6º E.P.
C.E.I.P. Insua Bermúdez-Vilalba

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Vilares, Vilares, Vilares,
coma ventos fuxidores
na sombra dun camiño,
con árbores e toxos
sempre continuos
no medio do camiño,
xunto con frores e
herbas floridas,
no prado verde
e o sol florido,
cada día a natureza
e máis fermosa contigo.

Alba Folgueira Corral 5º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle de Guitiriz



POLPA DORIDA

¡ El, Terra Verde e Mar de Orballo,
Polpa dorida se as hai!
¡ As túas portas perdín todo
cheiro alleo de terra ou mar
e agora, ó caer no teu colo,
oio pacer a canto hai!



A CERNA

¡Que duro!



O VERME
IA ESTRELA



A NOITE
É NECESARIA

POLPA DORIDA
CORTINA
VÍSPERAS COMA UN ANXO
AI RADO
PENÉLOPE
BORRALLA A CERNA
NOITE DO MUNDO
A NOITE É NECESARIA

CORTINA



NIMBOS



VÍSPERAS

AI
CAPITÁN!



AI!
AI!



COM
ANXO
AI

COMA
UN
RIO



O BERRO
DAS PEDRAS



COVA
BRASAS



BORRALLO

COVA VENTOS
FUXIDOS



EMUIÑOS

TERRA DO TEMPO
 COVA UN RÍO
 O BERRO DAS PEDRAS
 COVA VENTOS FUXIDOS
 REMUIÑOS
 O VERME E A ESTRELA
 COVA ALUMADA
 O VERME E A ESTRELA
 COVA BRASAS
 CAPITÁN!
 ESMERALDA



TERRA
DO
TEMPO



NOITE
DO
MUNDO

COVA UN
RÍO



IRENELOPE!

PENELOPE




COVA
ALUMADA

ESMERALDA



POLPA
DORIDA

Snif!
Carla Teixeira 5º E.P.
CEIP. Lagostelle-Guitiriz



M




NIMBOS



Se é que o poema é só un nimbo de lus
que os ollos cegos pónenlles ás cousas
soñadas, ou amadas nas tebras,



das cousas que xa foron e se foron



pro siguen sendo e non se van xa máis,



das sombras que, xogando cos meus ollos,



na miña vida en lume se enxeriron,

eu deixo eiquí os nimbos, coma cinza



de rosas que onte encheron de perfume

o mundo, morto xove, dalgún soño.



N

Sheila e Diego 4º E.P.
CEIP. De Progreso-Catoira

A AVOA DE PENÉLOPE

Érase unha vez unha nena chamada Penélope que vivía na vila de Guitiriz. Penélope era unha nena moi amable e tamén moi fermosa.

Un día indo cara os Vilares coñeceu un neno que se chamaba Xosé María Díaz Castro. Xosé María vivía alí nos Vilares, así que convidouna a pasar á súa casa e xogar. Esa tarde Penélope esqueceuse de que tiña que levarlle a súa avoa o biscoito que fixera súa nai. Entón os dous rapaces correron ata a casa da avoa de Penélope, pero cando abriu a cesta o biscoito estaba todo desfeito e non tiña nada que darlle a súa avoa, Xosé María dixo que para compensala daquela traxedía farialle uns poemas para a súa avoa.

E así foi, Xosé María cumpriu o seu trato e fixo os poemas á avoa de Penélope.

Pasaron os anos e a avoa de Penélope morreu e eses poemas que escribira Xosé María hai 20 anos, eran tan bos que Penélope decidiu xuntalos e facer un libro de poesías que se chamaría “Nimbos”.

Angela Prado Penas 6º E.P.

C.E.I.P. de Teixeira

DÍAZ CASTRO

Díaz Castro escribiu,
unha Galiza normal
cos seus poemas describiu,
a nosa terra real.

O seu libro Nimbos,
na miña colección,
un dos máis lidos
cunha boa elección.

El morreu entusiasmado
e foi homenaxeado
nas Letras Galegas
deste ano.

Antón Páz González 6º E.P.

C.E.I.P. A. Insua Bermúdez de Vilalba

UN PEDACIÑO DE TI

Poeta ou non cantaches as cousas,
pequeno gran capitán do Vilariño,
que percorrendo o teu longo camiño
escribiches de ríos, xesteiras, fragas e herbas.

Coma vento fuxido e vagabundo,
cun paso adiante e outro atrás,
abriches unha nova lus do mundo
para retornar e escribir o teu final.

Maite Villar Sánchez 5º E.P.

C.E.I.P. Lagostelle de Guitiriz

XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO

É un poeta moi importante,
naceu en Guitiriz,
a súa gran faceta
foi escribir.

Leva Galiza no seu corazón,
fala de amor e esperanza,
ama a súa terra
con moita añoranza.

Fala de prados e xentes,
de Parga a Pastoriza,
fala con moita morriña
da súa Galiza!”

Samuel Albariño Amado. 6º de E.P.

C.E.I.P. A. Insua Bermúdez de Vilalba



Adrián Castro Martínez 2º EP.

CEIP. Santo Estevo de Parga

PERDIDO ENTRE OS VERSOS

Había unha vez un neno chamado Xosé María Díaz Castro, un neno moi soñador e amable. Un día á tardiña saíu xogar e precisamente non volveu cando debía...

Contareivos a historia:

-Mamá! Vou a fóra xogar! –di Xosé María-

-Vale meu neno! –contesta a nai-. O pequeno botou a tarde xogando fóra, pero decidiu botar a andar nun intre no que a súa nai se despistara.

O pequeno Díaz Castro decatouse de que tanto camiñara despistado que..., estaba no bosque! Sabía perfectamente onde estaba pero o que non sabía era como volver á casa. Pensou que súa nai decafaríase da súa ausencia e iría búscalo, así que colleu o caderno e o lápiz que tiña agochados no peto e comezou a pintar monicreques. Os monicreques non lle salían como quería e pensou en que podía escribir; pero escribir... Que?

-Xa sei! Vou escribir poesías a ver como saen. –Dixo o pequeno para si mesmo-

A nai logo se decatou de que o neno non estaba fóra e pensou que se estaría agochado entre as árbores, así que; seguiu preparando a cea. Cando a cea estaba lista foi chamar ó pequeno para que entrara.

-Xosé María ¡A cear! –dixo a nai-. Pero ninguén contestaba.


-Xosé María hai caldo, a túa comida favorita! –repetiu a nai-

Ninguén contestaba e a nai comezou a preocuparse.

Mentres a nai o buscaba, Díaz Castro seguía no bosque a intentar escribir poesía.

-A miña poesía chamarase..., “Pénelope!” –dicía o pequeno, falando só-

-Un paso adiante e outro atrás... Pénelope! Non, non, non queda ben. –Insinuaba-



Debuxo de Diego Díaz

-Un paso adiante e outro atrás... Galiza! Perfecto esa era a palabra que buscaba.

A nai, mentres seguía desesperada a buscalo.

-Xosé María!, Xosé María! –berraba a nai-

De repente a nai pensou que botaría a andar e estaría no bosque. Alí o foi buscar xusto ao lugar adecuado, e seguiu berrando. O neno escoitoua e contestoulle:

-Mamá, estou aquí, onda o carballo vello.

A nai foi polo neno, alí estaba, escribindo poesía. A nai dixo:

-Pero meu rei, coma viñeche par aquí?

-Despisteime e non sabía como volver. –contestou Xosé María-

-Sabes que? –dixo o pequeno-. Escribín unha poesía; chámase: Pénelope, e di así:

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,

e a tea dos teus soños non se move. A esperanza nos teus ollos espreguiza.

Aran os bois e chove.

-E de momento só levo eso.- di Díaz Castro-

-E ben chega! –di a nai-. É preciosa! E cando a remates será perfecta!. Presinto que cando medres serás poeta.

-Pois, igual si, mamá, porque gustoume!

Os dous volveron para a casa e pasaron anos, anos e anos, e Xosé María Díaz Castro convirtiuse, tal e como dixera a súa nai: NUN GRAN POETA GALEGO.

**Nerea González Burgo 6º E.P.
C.E.I.P. A. Insua Bermúdez de Vilalba**

ESMERALDA

ESMERALDA



Herba perquerrechiña
que con medo sorrís
ao sol que vai nacendo
e morrendo sen ti,
¿ por que de ser pequena
te me avergonzas ti?

¡O Universo sería
máis pequeno sen ti!



ESMERALDA

Branca era unha nena normal coma outra calquera. Tiña unha familia normal. Non eran moi ricos, nin moi pobres; poderíase dicir que “do montón”. Pero o que lle aconteceu un día que foi visitar á súa avoa foi bastante máis especial.

A súa avoa, que se chamaba María, empezou a queixarse de que había unhas herbas diante da súa casa que lle impedían acceder ben á horta (cousa que era ben habitual nela). Os pais de Branca estaban de acordo co que dicía a súa avoa e decidiron coller unha gadaña e cortar as herbas que tanto lle molestaban a María. Cando ían empezar, oíron unha voz moi aguda, moi fina e moi débil que dicía “Ai, ai, ai, ai”. Preguntábanse de onde viñan e pensaron que podía ser o gato. Miraron para el e viron como estaba comendo e logo se ía para beber e limparse. O gato non era. Pensaron que podía ser un merlo que había nunha maceira. Miraron para el e escoitaron como facía o seu son de sempre creando unha fermosa melodía. O merlo non era. Rendéronse e preguntaron:

- Quen está chorando aí?

-Son eu.... aquí- respondeulles unha voz moi frouxiña.

-De onde virá esa voz?- preguntábanse todos.

Ata que se deron conta de que esa voceciña proviña dos seus pés. Miraron cara abaixo e viron unha herba pequerrechiña que lles dicía:

-Non me cortedes, por favor, non me cortedes.

-Por que? Es unha herba pequecha, non importa aquí a túa presenza.

-Si, si que importa, non seríades o mesmo sin min.

-En serio?

-Si, totalmente certo. Xa o dicía Díaz Castro nos seus poemas.

-Quen dis?

-Díaz Castro, non o coñeces?

-Non, non explícanos quen foi!

-Foi un poeta que lles escribía ás cousas pequenas que ninguén apreciaba, coma min. Non quería ser un poeta, quería ser un río e que pola súa boca saísen as palabras que podería dicir unha árbore, o mar, as herbas coma min....

-Tes razón, isto non sería o mesmo sen ti. Non te cortaremos!

E a herbiña creceu, e xa é feliz grazas a Díaz Castro e o seu poema Esmeralda

***Eva Sanmartín Vázquez 6º E.P.
C.E.I.P. A. Insua Bermúdez-Vilalba***

O NENO AO QUE NON LLE GUSTA A POESÍA

Vouvos contar a historia de Raúl, o neno ó que non lle gustaba a poesía.

Raúl é un neno peculiar, porque é o único neno da súa clase ao que non lle gusta a poesía. Raúl tiña amigos, xogaba e falaba con eles, pero había veces que se sentía diferente. Cando ían á biblioteca, todos collían libros de poemas, pero el collía libros de aventuras, peixes...

Un día Clara, unha amiga de Raúl, deulle un libro de poemas. O libro titulábase Nimbos.

Ela díxolle:

-Toma, se che gusta devólvesmo e préstoches outro, e se non che gusta devólvesmo e non che dou máis.

-Grazas.

A Raúl, cando terminou de lelo, gustoulle moito.

Pasaron os anos e Raúl xa era maior de idade e pasou de non gustarlle a poesía a ser un gran poeta.

Cando el tivo netos ensinoulles os seus libros de poemas, e así os poemas de Raúl foron pasando de xeración en xeración, e el foi moi famoso.

***Brais Merelas Salgado
5º EP. C.E.I.P. de Teixeira***

III- DISTINTAS LECTURAS DA SÚA POESÍA



Lara Barreiro
C.P.I. dos Dices Rois



FOTOS DE CRISTINA PEREZ

Santi, profesor do IES de Guitiriz presentando a Festa das Nosas Letras no Campo da Feira



Fotos do Ceip Lagostelle, na entrega de premios dos carteis



Alumnos do CEIP. A. Insua Bermudez de Vilalba

Alumnos do CEIP. Santo Estevo de Parga



Alumnos do CEIP. Santa María das Pontes

A PONTE DO ABENEIRAL

Había unha vez unha aldea moi pequena, na que a Santa Compañía estaba sempre. Un día un señor chamado Xosé María Díaz Castro viña da casa dun amigo, pero para ir ás casas había que cruzar a ponte. A Santa Compañía comezoulle a falar e Xosé María comezou a berrar. Os veciños saíron con candís todos asustados. Un día a Xosé María petaronlle á porta. El pensou que serían os veciños ou o seu mellor amigo. A que non vós imaxinades quen era? A Santa Compañía! Xosé María cerroulle a porta nos fuciños. El pensou que sería un soño. PERO NON! Si que era a Santa Compañía. Pois Xosé María comezou a chamar ós veciños para advertirlles que a Santa Compañía andaba petando nas portas, por iso lles dixo que tiveran todo ben pechado e que non lle abirán a porta a ninguén. Así foi, ao día seguinte pola mañá faltaba Xosé María. Na súa porta poñía que a Santa Compañía o levara e que ia estar todas as noites na ponte do Abeneiral. Cando todos viron a carta pensaron entre eles que sería mellor que polas noites non saíran da casa se non querían que a Santa Compañía os levara a todos.

Chegou a noite e ninguén saiu da casa despois de todo aquilo que pasara. Ao día seguinte falaban tres persoas:

-Sabedes que pasou? Que todos os que estaban na ponte do Abeneiral, se converteron en pantasma! Aquela ponte era moi longa, as beiras tiña uns pasamáns feitos de madeira. A xente do lugar dicía que os días que aparecía a Santa Compañía, o río de repente cobraba vida. É dicir, sentiase correr a auga con moita forza, o aire levantábase, e os carballos e os castiñeiros batíanse uns cos outros, as piñas dos pinos comezaban a caer.

Ata que un día os veciños da aldea fixeronse amigos da Santa Compañía e dos pantasmas. Despois de todo o que ocorreu volveu a ser unha aldea feliz.

***Uxía Dono García 5º E.P.
C.E.I.P. de Xanceda***



A ÁRBORE ESPECIAL

En homenaxe a Díaz Castro amigo das árbores da súa contorna

Había unha vez un leñador que vivía en Seixosmil.

Un día foi ó monte. Cortou árbores secas e pólas vellas e cando estaba xuntando a leña oiu unha voz que dicía:

-Señor! Eeeeh! Señor!

O leñador mirou a todas partes pero non viu a ninguén. Seguiu traballando e ao pouco tempo volveu a oír a mesma voz.

Quen falaba era unha árbore. O leñador quedou quieto como unha estatua!

A árbore díxolle:

-Son unha árbore especial, son máxica. Podo dar calquera froita, seca ou carnosa. Nas miñas pólas medran noces e castañas, peras e mazás, laranxas e pexegos..., pero se me cortan perderei os meus poderes e morrerei. Por favor, deixame vivir!

O leñador quedou coa boca aberta e cando reaccionou decidiu non cortala e facerse garda daquel bosque único. Vixiaba que non houbera ningún incendio e coidaba tan ben á súa árbore que cando era primavera enchíase de flores e de froitas diferentes e fíxose tan fermosa que as nenas e os nenos dos colexios facían excursións para vela.


O leñador estaba moi orgulloso daquela árbore dos mil froitos!.

***Jacobo Gayoso Sixto 2º E.P.
C.E.I.P. Número 1 de Foz***



O VERME E A ESTRELA

Esta sede infinita de pureza



ausoluta, esta sede de xustiza



que nos queima, esta sede de beleza...




baixo as alas de pedra da preguiza



e a paga do pecado en cada esquina

e a herbiña sobre a foia e a ruína...




¡ Esta sede de lus, mentres o vento

da norte zúa darredor das cousas

que están no noso corazón, cincento

sopro que arrinca os días, queima as chousas

máis íntimas, e várreas coma a ágoa...!



A lus do mundo é a que arde nunha bágoa.



A PRIMAVERA

A Díaz Castro namorado da herba pequerrechiña

Volveron a medrar as herbiñas...!
Recordádesme?
Eu son Cristina
e encántanme as margaridas...
Por fin podo velas!
Chegou ao prado a primavera!
Tulipáns, rosas e margaridas
son as miñas preferidas!
Por fin, podo velas!
Por fin, podo ulilas!
Pero...
Cantas flores haberá?
Puf! Máis dun millar!
Imposible de contar!
O Sol xa resplandece
e a neve dos cumes desaparece!
Oh, que bonito!
Dous paxariños
nunha póla da miña árbore
están construindo o seu niño!
Os paxariños piarán
e co vento e os seus trinos
ata moi lonxe viaxarán.
-Pío, pío, pío!
Que ben cantan!
Dá gusto oílos!
Chegou polo aire a primavera!
Chegou xa!

Cristina Chen Meijide Méndez
2º E.P. C.E.I.P. Número 1 de Foz

ODIO INTRANSIXENTE

A Díaz Castro

Recordo os días eternos na lúa fosforescente nas noites que se acougan e se visten de ausentes. A morte cal calor invernal xunto ás lapas do mainar apaixonado cínzase fielmente no clamor do ruído.
A túa voz alonxada é un sonar sereo dos bicos espidos
na miña pel contaxiada pola túa enerxía anímica
inoculada nas miñas vértebras.
E aínda así,
ámote, nas circunvolucións intoxicadas da ialma que me ocupa.

Laura Espiño 4º ESO
IES. Número 1 A Estrada

ESCOITADE

Dedicado ó vento que cantou Díaz Castro

Escoitade,
é o vento,
que susurra
a súa vontade.

Escoitade,
é o río,
que espera
a felicidade.

Escoitade,
é a choiva,
que chora
xunto con nós.

Escoitade
ás árbores,
que bailando
contan un conto.

Escoitade
ós paxaros,
que voan
con liberdade.

Escoitade
ás bágoas,
que chorades
elas entenden.

Celia Vila Fernández 3º ESO
I.E.S. Lucus Augusti, Lugo

POR RIBA DOS OUTEIROS

Por riba dos outeiros,
De aquí non quero baixar.
Por riba, que o sol me quente
Que vexa as nubes pasan,
Que a brétema non metoque,
Que non siga o ruxe ruxe
Da xente nin das campás
Ue só Díaz Castro
Escoite o meu cantar.
Porque hoxe, peno de amores,
Quen puidera non penar!
Por riba vou dos outeiros,
A noite logo ha chegar,
Camiño da miña casa
Alumar, hame o luar.

Alba Bergantiños Torres 2º ESO
les. Poeta Díaz Castro. Guitiriz

O PAXARO ENXAULADO

O paxaro enxaulado,
na súa xaula está,
piando, piando,
pola súa liberdade.


O aire entra pola fiestra
e faille añorar,
os seus tempos de voar,
os seus tempos de liberdade.

Os teus ollos luminosos
mirando ao exterior,
o teu plumaxe suave,
como nube de algodón.

Abre a xaula,
move as túas ás,
voa, voa,
tan lexos como poidas.

Dende a fiestra
eu estareite vendo,
como te alonxas
como pias ao lexos.

Ismael Francos López 1º da Eso
Basanta Silva de Vilalba



PAXARIÑOS

En homenaxe ó cantor de todas as criaturas

A mamá paxariño e o papá paxariño
están atendendo aos seus filliños
nos niños.

Agora papá vai coller vermes
nun campo ben verde.

Mamá deulles unhas faragullas de pan
para que estiveran ben sans.

Mamá nada está facendo
pois,....

Está durmindo!

Cando espertou,....

Menuda sorpresa se levou!

Os pitiños non estaban no niño!

Onde estarían?

Ha, ha, ha....!

Os pitiños rían.

Estaban noutra póla

e a nai oiude dende outro lugar:

-Ola! Ola! Ola!

A nai volvíase tola.

Os pitiños volveron ao niño.

-A onde fóstedes, Martiño?

-Fomos a outra póla,

e dende aí berramos:

-Ola! Ola! Ola!

O papá regresou cunha pila de vermes
e unhas poucas herbas verdes.

Todo volveu á normalidade

e a familia recuperou a felicidade.

Aos seus pitiños ademais das frescas herbas,

os pais un bico tamén lles deron,

e en canto aos saborosos vermes

Coméronos!!!!

Cristina Chen Meijide Méndez
2º E.P. C.E.I.P. Número 1 de Foz


A VELLA LENDA NOSA

Había unha vez un grupo de rapaces moi amigos que sempre andaban paseando por todo o concello de Guitiriz. Os rapaces chamábanse: Carlos, María e Ana. Carlos era un neno de 12 anos que vivía en pleno centro de Guitiriz, María tiña 14 e viñera dende Madrid porque ao seu pai ofrecéranlle un traballo de carniceiro neste concello. E Ana tiña 11 anos e vivía nos Vilares unha aldea preciosa. Os rapaces adoitaban xuntarse polas tardes para ir xogar ou dar un paseo. Un día os tres colleron a súa merenda e foron facer unha excursión pola aldea dos Vilares. Cando estaban merendendo, escoitaron un ruído polo medio das árbores cando de súpeto Carlos viu que o que se movía era un neno. Foron ata xunto del. O neno tremaba de frío e tiña moita fame pois non tiña pais e andaba só polo mundo. Déronlle de comer e de comer ata que se

fartou e despois xogaron un pouco con el. Eran as oito da tarde Carlos, María e Ana tiñan que voltar para casa, pero non querían deixar ó neno só. Preguntáronlle como se chamaba e o neno respondeulle Xosé María Díaz Castro. Os tres rapaces máis o neno comezaron facer o camiño para á casa de Ana, ían falando, sorrindo e cantando. Ó chegar á casa de Ana ela preguntoulle aos seus pais se o neno Xosé María Díaz Castro podería vivir alí, eles respondéronlle que lle podían dar algo de comer e unha roupa limpa, pero non tiñan cartos para manter outro rapaz. Cearon os catro nenos xuntos e cando remataron quixéronlle facer un agasallo. Carlos deulle unha buxaina que lle regalara polo seu santo, María deulle unha pulseira que fixera ela coa lá que tiña a súa nai na casa e Ana deulle unha fruta. Xosé María Díaz Castro que non tiña nada tan só algúns periódicos que recollía na basura e un xiz que lle dera

un profesor que paseaba por alí. Como el non tiña máis que iso e quería que lle quedara un recordo para os amigos, escribiulles uns poemas. Os tres nenos quedaron moi contentos co que Xosé María Díaz Castro lles regalara, pois el que non tiña ningún xoguete, deulles o único que sabía facer que era escribir poemas. Despedíronse do rapaz sin saber cando o volverían a ver. Co tempo cando Carlos, María e Ana foron maiores déronse conta de que aquel neno que non tiña nada, fora un gran poeta. Vinte e un anos despois Ana publicou os poemas que lles dera Xosé María Díaz Castro co nome de “Nimbos”, “Penélope”, “Lluvia de Rosas” o último fora o primeiro en publicarse aínda que Penélope foi o máis famoso.

*Diego Novo Vigo 6º E.P.
C.E.I.P. de Teixeira*



“A LINGUA GALEGA”

Vou contar unha historia, que moito vos vai gustar,
Sucedelle fai moito tempo á nosa Lingua Galega.

Unha noite, de branco luar, choraba e choraba desconsolada,
abatida pola dor de que xa nadie a usaba.

¡Vou morrer, vou morrer....
e os meus olliños nunca verán
ao galego resplandecer!

Apenas pechaba os ollos, cando unha voz lle dicía:

¡Esperta, esperta miña Lingua Galega
Pois tes un rico porvir, fermoso como a primaveira!
E a Lingua Galega ergueuse, alegre, contenta,
e da man dos nosos escritores galegos,
botouse a correr polas verdes ribeiras, polas carballeiras....
atravesando prados, e tamén arboredas.
Saltando penedos e pequenos regatos
e de vez en cando, paraba un anaco
para comer amoriñas das silveiras dos campos.

Corría e corría empuxada polo vento
e ao seu lado miles de paxariños piadores
formaban parte do seu contento.

Ás veces paraba a descansar no fondo dun val,
no cume dun monte ou no medio dun souto.

Botaba unha ollada ao seu arredor, e dicía:
¡Que fermoso é o mundo rural!

E así, recorreu toda Galicia
de romaría en romaría,
oíndo soar a gaita galega...
e cantar os mozos con voz pracenteira.
E chegou a todos os fogares da nosa terra,
e xa non era a lingua só dos labregos
¡Pois xa era ben falada por todos os Galegos!

E tamén navegou polos ríos e os inmensos mares
disfrutando dos encantos daqueles lares.

E mirou ao ceo e veu as andoriñas voar
e pensou que tal vez ela, algún día,
deixaría de correr e tamén voaría.

¡E non se enganhou, non!

Un día empezou a voar, voar e voar
E dende fai moitos anos, cada dezasete de maio,
voa por riba das andoriñas.

E este ano, o 2014, voa da man de

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Roi Otero Baamonde 1º ESO
C.P.I. Monte Caxado As Pontes García Rodríguez



Debuxos de Roi Otero





Ángela Alfaya 1º de Artes
les. María Soliño de Cangas



Mar Betancor 1º de Artes
les. María Soliño de Cangas



María Davila 1º de Artes
les. María Soliño de Cangas



Inés Costas 1º de Artes
les. María Soliño de Cangas

MIÑA AVOA

A Díaz Castro que endexamais esqueceu a súa infancia

De pequena ti me coidaches,
dende nena sempre me coidaches.
Ensináchesme a falar o galego,
tamén me aprendiches a contar cos dedos.
Iamos ao parque e columpiabasme.
Non hai nada comparable a esa forma de mimarme.
Unha infancia é unha vida mentres estes aquí,
serás a mellor influencia que eu poida seguir.
Agora con casi dezaseis anos son moitos recordos,
que sepas que nos todos te queremos.
E máis que unha avoa,
ti es ouro pro en persoa.

Noemi Purriños Lago 3º ESO
C.P.I. Monte Caxado As Pontes de García Rodríguez

O LAPIS QUE LLE CAEN AS PUNTAS

En homenaxe a Díaz Castro que sempre se acompañaba dun lapis para coller notas.

Había unha vez un lapis que pasaba o día escribindo.
Pero tiña un problema, sempre lle caían as puntas. Un día dixo: Estou farto de que me caían as puntas. Un día escoitouno e deulle unha poción que se chamaba a poción dura.
O lapis tomouna e nunca mais lle volveu a caer a punta.
O lapis foi agradecido e díxolle: -Grazas por darme esta poción.

Luis Rivas Carballal 2º E.P.
C.E.I.P. "M. Mato Vizoso" Vilalba

SON

E esa explosión,
no teu corazón, cheo
de sentimentos,
son versos pintados de soños.

E cando no meu taller
de fantasías
debuxo bonecos cheos de felicidade,
son versos pintados de soños.

Adrián Fernández Viveiro 1º ESO
IES. Número 1 A Estrada

O VENTO

Celebrando a sensación do vento que transmite a poesía de Díaz Castro

Vento ventoso,
e tamén moi chuvioso.
Sopra pola fiestra
da casa da mestra.

Cando sopra o vento,
as cousas non saen ben,
porque caen as árbores
e o tempo enfría tamén.

Que se calme o vento
que se calme xa!
se pode ser hoxe
mellor ca mañá

Lara Castro Díaz 4º E.P.
C.E.I.P. de Parga

CASTRO

Quereme
Non me quere
Quéreme!
Dinlle as follas da flor
A Díaz Castro.

Quereme
Non me quere
Quéreme
Meu primeiro único amor!

E pregoa a mensaxe
A margarida en flor
para que todos o saiban,
quen é o meu amor.

Alba Bergantiños Torres 2º ESO
Ies. Poeta Díaz Castro. Guitiriz

RIBEIRA

Díaz Castro concebía a vida como un río

Os carballos son as veas da miña alma,
e Galicia o sangue que descorre por elas.
Os ríos son a poesía que resulta do amor á choiva.
O verdor das súas terras son xunto co azul das nubes,
que nubran a melancolía do astro rei,
o destello dos meus ollos;
que nunca, nunca xamais
se cansarán de ver e admirar esta terra
tan nosa, tan dos galegos,
chamada Galicia!
Mirade arriba, sentide o chover na alma,
recibide a forza dos devanceiros,
e loitemos polo noso ben máis prezado:
a nosa terra.
O vento soprará ao noso favor,
facendo retumbar ós piñeirais o son de Pascual Veiga;
mentres nós entado a Pondal
gañaremos tódalas batallas da nosa dignidade.
Brindade amigos, brindade polo presente,
polo pasado e máis polo futuro.

Lucía Sarceda Rodríguez 1º BAC
IES Lucus Augusti, Lugo

SER UN MESMO

Quezais eu non sexa coma Díaz Castro,
publique un libro, sexa famoso...,
pero ser un mesmo
para min é o máis fermoso.

Quezais eu non saiba poemas,
nin refráns, nin cantigas,
como o resto da miña familia,
dos meus amigos e das miñas amigas.

Quezais eu non saque boas notas,
nin sexa bo estudante.
Quezais non saiba dar
nin un paso atrás e outro adiante.

Quezais creas que es inferior,
que a vida é demasiado dura...,
pero pensa que es ti mesmo,
verás como a tristeza non perdura.

Marcos Bermejo Díaz 5º E.P.
C.E.I.P. deTeixeiro

ESCRIBIR

E os soños escríbense
nos ventos
cando estou feliz
cando quero rir.

E cando lle falo
ás esperanzas,
os soños escríbense
nos ventos.

Ainoa Casal Rodríguez 1º ESO
IES. Número 1 A Estrada

E ATOPO

Estou na ventá
do meu sentir
e busco lugares
que visitar,
... e atopo soños.

Leo libros por primavera,
de sentimentos,
e nacen poesías,
como bolboretas,
... e atopo soños.

Emilio Muíños Calvelo 1º ESO
IES. Número 1 A Estrada

EU IMAXÍNOME

Eu imaxínome
na beleza
da natureza
nas follas e nas fervezas.

Na noite e no día
que iluminan a miña vida
a lus do sol
a lus da lúa.

Días comezados
por mencedos alongados
días rematados
por noitiñas con espiñas

Paula Balsa Díaz 2º E.P.
C.E.I.P. Lagostelle de Guitiriz

COVA ALUMADA



¡ Cruel, cruel, cruel
Realidade!; Ai laio
sobre o escombros dun soño
que non se erguerá máis!



Para aló do mundo, un sol
Sen noite nin historia
busca a ruina esquencida
e énchea toda de gloria.





DÍAZ CASTRO

Castro que moito brillas
No ceo escuro da noite.
Faro das sombras perdidas
Entre os silveiros do monte.

Pequena luz dos meus soños
Que nos miras desde hoxe.
Ovelliña do rabaño
Que no meu xardín reloces.

Castro que tanto brillas,
Que nin as nubes te cobren,
Alumea este camiño
Por onde hei camiñar hoxe.

**Alba Bergantiños Torres 2º ESO
Ies. Poeta Díaz Castro. Guitiriz**

A LÚA E O SOL

Celebrando o sol, a lúa, as estrelas..., que canta Díaz Castro

Hai moitos, moitos anos, moitísimos anos, a Lúa sentíase moi soa. Non tiña amigos, non falaba con ninguén, porque ela pensaba que non a ían querer como amiga, xa que era diferente.

Pasaba o tempo e ela tan soa coma sempre, laiándose polos recantos da súa tristura. O tempo ía correndo e o día menos esperado ocorreu algo sorprendente; aquel 25 de outubro houbo unha eclipse solar, a Lúa foi tapada polo Sol. Ela armouse de valor e faloulle. Nesa conversa de escasos minutos o Sol aconselloulle que falara coas estrelas e non tivese medo, e así o fixo.

Dende entón ten moitas amigas estrelas coas que pasa o día xogando. Polas mañás espera a que o Sol saia para poder velo, porque quedara namorada del. Así cada tres anos, máis ou menos, a Lúa volvía falar co Sol de moitas cousas.

***Uxía Sánchez Vázquez
5º E.P. C.E.I.P. de Teixeira***

REDEMPTION

***A luz e as sombras,
o día e a noite,
unha interpretación de Díaz Castro.***

Do I hate you? ou I love you?

Tantas preguntas para miles de invisibles respostas penduradas na discordancia do meu sono, alleo a todos os pasados e futuros,
pantasma de sixilosas sombras, que esbozan berros somentes un día morto.

Non dependo desta nostalgia, sucédeme a través dos afáns, dos días e das noites, tan vividas e pouco desexadas. Un crematorio de deixadez, intoxicada, de Eus que se espallan máis aló dos ollos que me observan e demacran.

Insomne ti. En doses reservadas e indoloras de corpo en manifesto, cuspidas baixo o meu sangue.
Agardo voltar a ser, de novo, quen eu era antes. Só un silencio do pasado.

***Laura Espiño 4º ESO
IES Número 1 A Estrada***



OBRA DE TEATRO

a pola contra do revés

IES Un-a estrada



OBRA DE TEATRO: a pola contra do revés

ACTORAS/ES:

(por suposto que os nomes son arbitrarios e neste caso son compoñentes do CLUBE DE LECTURA do IES 1 da Estrada)

Están no escenario como se for unha praza pública.Xente normal, do común, mozas galegas e mozos galegos.

MANUEL: Estamos nun tempo ben bonito en un lugar ben guapo... si...onde o amor atopa todas as direccións....

TAMARA: o norte...o sur...a Mariña...o Ribeiro...

PAULA: O leste...u oeste...A Fonsagrada... Os lugares atlánticos....

QUIQUE: E todas as miradas...ou?

MANUEL: E claro...así tamén...nas miradas...a poesía...

SABELA: E o canto con encanto...

XURXO: E co amor...collido polos cabelos...o conto

MANUEL: Cada cousa co seu brillo fenomenal...doce...ilusionante...

PAULA: Brillo enorme que nos abraza...como NIMBOS...

SARAI:...xusto...como NIMBOS...

QUIQUE; para valor das ideas e dozura do vivir...

SARAI:...xusto.

TAMARA: E así nese ver e nese pensar...a poesía...o canto...o amor...

o conto...

QUIQUE: os poetas...

MANUEL: e daquela...entre poetas...O TE-A-TRO...

TODAS/OS: Si...o TE-A-TRO...

MANUEL: Pois veña...miremos o calendario de XMDíaz Castro...de todos os tempos...que data é hoxe...?

TODAS/OS...(míranse nas mans, nos ollos dos demais...no chan...nas nubes...nos espectadores...)

MANUEL: Como ben notades...sempre será hoxe e así...hoxe é...o noso día do TEATRO.

QUIQUE: Que sexa pois o noso día feliz do TEATRO.

SABELA: Logo hoxe diremos tamén...día feliz...do TEATRO FELIZ.

PAULIÑA: Si...teatro...teatro...TEATRO DE MARABILLA...

QUIQUE: E haberá alguén ao que non lle guste o teatro?

PAULA: Nós...a que queremos un teatro fantástico?

ALEXANDRE: Fan...tas...ti...co...

ALEXANDRA: Si ...sí...tico...tico...fantástico!

DANIEL (mirando ao público): ATENDEDE...agora mesmo...para todos vós....O TEATRO...fan-tas-tico.

XURXO: Está ben...vale...imos comezar...

SARAI: Poñamos en órbita aos personaxes...que bailen entre nós...

NOA: Velaí...mirade...un gato tan pancho...!!!

BRAIS: Aí vai un marciano...

ALEXANDRE: Por alí...por alí...mirade...un canteiro cantor...

PAULIÑA: E aquel morcego...mirade que guapo...

TAMARA: Un gato...un marciano...un canteiro cantor...un marciano...E logo que vos parece un diño...?

OSCAR: Polo que parece...non o temos fácil...

SABELA: Eu creo que si...verdade Daniel...?

DANIEL: Quen eu...?

TODAS/OS: Si...ti...é por ti...

SARAI: Daniel está ben...el sabe buscar ben...é o mellor atopador do mundo debuxado...do mundo recitado...do mundo ...

SABELA: cantado e contado...

QUIQUE: do mundo encantado...

DANIEL: Vale...pero non vos pasedes...

SARAI; De todas as maneiras...veña...isto é cousa de todas e de todos...polo tanto...pensemos nós un pouco máis...

TAMARA: O personaxe chulo sería...un díaño astronauta...

OSCAR: Así...piuff...que vaia de primeiro a mil por segundo...por terceiro e por cuarto...piuff...

ALEXANDRE: A segundo por mil...!!!



OBRA DE TEATRO: a pola contra do revés

BRAIS: Un diaño astronauta...un guaperas enamorado...ai...!!

MANUEL: Si...enamorado de vinte mozas fermosas...as máis fermosas de todas as fermosas...

PAULA: Pois...se é o diaño enamorado que eu penso...vaite con el...dígovos que non ten ningunha moza fermosa...nin-gunha...e si que está enamorado...si...

QUIQUE: Pois buscarémoslle con que se enamorar...unha fermosa das máis femosas...

ALEXANDRE: Desas...desas hai moitísimas...todas as mozas son fermosas...

DANIEL: Vale...todas as mozas son fermosas...pero...o diaño ten que merecela...terá que ser un diaño guaperas astronauta...cabaleirosamente educado...nada chulo...

ALEXANDRE: Si...que como teñen os seus poderes...chuléñse a tope...e non queremos iso...que sexa normal e que voe moi alto...

XURXO: Dono dun cabalo branco negro...

SARAI: Ai... pero non vai poder metelo na nave espacial...

NOA: Que lle poña un remolque...

BRAIS: E ao cabalo teremos que lle facer tamén un traxe espacial... especial...digo eu...ou?

ALEXANDRA: E quen lle toma as medidas?

INÉS: Ao cabalo...?

PAULA: Pois non vai ser a ti...

TAMARA: E haberá unha medida cabalar?

OSCAR: Si...si...no SISTEMA MÉTRICO TROTANTE...

NOA: E cales serán as unidades...?

TODAS/OS: Pensemos...

TAMARA: Xa sei como o saberemos...meu avó miraba moito por esa lente científica...

TODAS/OS: Fala Tamara...conta...

TAMARA: Meu avó miraba o universo polo corazón dunha pulga...

LUCÍA: E se che pica a pulga?

SABELA: Así, penso eu...que saberemos as cousas que buscamos...polo que che pique...é unha chamada de atención...

MANUEL: Ou polo que te rasques...

SABELA: Iso será a medida da solución...canto máis te rasques...mellor solución...

ALEXANDRE: Pero iso terá que facelo o cabalo...

INÉS: Ou o diaño astronauta guaperas cabaleiro...

SARAI: Quen o verá...

MANUEL: Ata cando estea a facer iso...inventará un novo baile...o POP DIAÑO...ou o DIAÑO POP...

QUIQUE: Con moito espacio...moito...para darse caña...moita caña...

TAMARA: Veña...de momento...nada de Pop Diaño...nin de Diaño Pop...centrémonos...

SABELA: Si...poñamos a quentar un pouco máis as “cabesiñas”...

DANIEL: E sen tomar aspirinas...

OSCAR (cara ao público): Hoxe...amigas e amigos...neste teatro noso...veredes anacos de nós...e de vós...faremos un enorme abrazo...a vós e a nós...un enorme abrazo...

SARAI: Serán anacos que non queremos perder...

LUCÍA: Serán como raios dos latexares dos corazóns de pulga...

ALEXANDRE: Ben recibidos.

BRAIS: Ben pillados.

XURXO: Con moito amor...

TODAS/OS: Anacos de nós...e de vós...seguro...

PAULA: Que camiñan por autoestradas moi ben pintadas...irán coas fantasías máis frescas e coloridas...

DANIEL: Pero...ollo...non poderán pasar de cinto vinte por hora... boeno...cento trinta...para adiantar....

MANUEL: Correrán moitos anacos...todos de ollos bonitos...

XURXO: E por que en vez de anacos non poderán ser enteiros?

INES. Bueno...no caso do diaño astronauta guaperas cabaleiro deixémoslle que sexan enteiros...porque el...si...é xigante... valente... potente... emerxente...amante...e por iso...que sexa enteiro...

TAMARA: Por iso mesmo como un poeta completo da chaira escribirá versos...Versos que botarán luces redondas... admirables... observables... sensibles...como NIMBOS.

TODAS/OS: Como NIMBOS ...tal poemas arredor dos nosos soños.

ALEXANDRE: Pero ao diaño astronauta guaperas cabaleiro...por ser completo ...poñerémoslle un traxe de festa...e de prata...

OSCAR (sorrinte e con retranca): E unha capa...para que non pase frío mentres lea versos...

SARAI: E no seu peito...unha rosa...olorosa...mimosa...agarimosa... poderosa...poética tamén e así





OBRA DE TEATRO: a pola contra do revés

vermella...de paixón...

LUCÍA: De que xardín...?

TODAS/OS: Do noso... do noso mellor xardín...do máis fantástico. Do máis máxico, do máis dinámico...do que máis luza...

BRAIS: Basta meus...en menudo xardín nos estamos metendo...

QUIQUE: Pois del sacaremos...

TODAS/OS: Sacaremos a quen...?

ALEXANDRE : Moi fácil...ao díaño astronauta guaperas e cabaleiro... año...nauta...peras...eiro...(cara ao público) dicide comigo... año-nauta-peras-eiro...repetide...añonautaperaseiro...máis rápido...añonautaperaseiro...

QUIQUE: Xa case que o vexo ir a todo correr...

PAULA: Ai...ai...o díaño cae una piscina...

MIGUEL: E como saíu de alí?

INÉS: Mollado...mo-lla-do...

PAULA: Pois xa está sequiño...

ALEXANDRE: Basta de visións...que se agradecen...pero agora vaiamos ao que nos trae...

NOELIA: Quen cre nas bruxas...?

MANUEL: Uf... a min cáenme moi ben...gústanme...

SARAI: E que ben conducen a vasoira...

PAULA: seica que non hai semáforo que se lle resista...sáltanos todos...

ALEXANDRE: Menos globos miña nena...xa será menos...as bruxas tamén cumpren as normas...(falando para si)...algunhas veces...claro...

TAMARA: Pois o díaño astronauta guaperas cabaleiro...

PAULIÑA: Que...?

TAMARA: Seica tamén se pon de bruxo perfecto conductor...

PAULIÑA: En vasoira atómica...?

QUIQUE: Que dis...!

SABELA: Logo será un bruxo estrela da Champions League...

ALEXANDRA: Non tanto...por agora fai méritos...non os fai mal... pero...

MIGUEL: Pois deixémolo madurar...

XURXO: Pero sabe moitas cousas...

SARAI: Ata sabe operar moscas...

MANUEL: De verdade...?



SARAI: Si...sabe operar as moscas de apéndice...

SABELA: De cataratas e de próstatas...

LUCÍA: De todos os ollos...?

BRAIS: Din que seica de todos..de todos...

ALEXANDRE: E non vexas como mira como respiran as formigas...

QUIQUE: E sabe como xogan as formigas?

TODAS/OS: Alguén viu xogar ás formigas...?

ALEXANDRE: Sempre andan traballando...sempre...

PAULIÑA: E o diaño astronauta guaperas cabaleiro...ten clínica?

DANIEL: Si...nos Vilares da Chaira...e non cobra polo que fai...

TAMARA: Seica alí...recíbete...Recíbete rindo e soñando...ao compás da música de milleiros de versos preciosos...

NOELIA: E seica libremente...podes poñer as caras que che peten...iso si...sen faltar...

MIGUEL: De emperador de chuches...?

QUICO: De pintor de nubes NIMBOS...?

LUCÍA: De Presidenta irmandiña...?

INÉS: De muller aloitadora...?

PAULA: De poeta...?

TAMARA: Claro...pero temos que miralas ben...ide mostrando as caras...

(segundo o din poñen a cara correspondente, a que mellor entendan caracterizada)

TAMARA: E VÓS... (ao público) ide aplaudindo máis ou menos segundo vos gusten máis...veña...ide poñéndoas caras...veña...en orde...

MIGUEL: Cara de emperador de chuches...

QUICO: Cara de pintor de nubes NIMBOS...

LUCÍA: Cara de presidenta irmandiña...

INÉS: Cara de muller aloitadora...



OBRA DE TEATRO: a pola contra do revés

PAULA: Cara de poeta...

TAMARA: Segundo a intensidade dos aplausos...a mellor cara é...

ALEXANDRE: Para...para...

TAMARA: Que queres...?

ALEXANDRE: Piuffff...brrrrroonnn...cara de taxista campeón...

TAMARA: Pois hoxe non viaxamos e...chegaches tarde...e polo tanto...a cara máis aplaudida foi... (a que sexa).

MANUEL: Foron unhas caras preciosas...para chorar de gusto...

XURXO: Dis chorar...?

MANUEL: Si...chorar...cho-rar...de...gus-to...

OSCAR: E se eu poño cara de pallaso rei...tamén choras?

MANUEL: Si señor...choro tamén...que chorar é de valentes felices...

INÉS: Pois os pallasos queren risas...e os pallasos rei queren máis risas...ti sabes por que...?

MANUEL: Non...

INÉS: Porque son uns tristes... moi tristes...

TAMARA. Veña...pasemos de chorar de gusto e agora toca rir...rir...

TODAS/OS: (rin)

TAMARA: Así...veña...todas as risas das mellores risas...

*** Van rindo os que seguen e logo de cada risa din:

MIGUEL: Esta é a risa do emperador de chuches...

QUICO: Esta é a risa do pintor de nubes NIMBO

LUCÍA: Esta é a risa da presidenta irmandiña

INÉS: Esta é a risa da aloitadora...

PAULA: Esta é a risa da poeta...

XURXO: E o pallaso...?

BRAIS: E o taxista...?

OSCAR: Esta é a risa do pallaso....para que todos rían...

TAMARA: Pois todas e todos...a rir...a rir...

TODAS/OS: (rin)

TAMARA: (cara ao público)...e vós...se non rides...vale...quedades perdoados por ...sosos...por tristes...

BRAIS: E o taxista...?

TAMARA: Foise de viaxe....e levou a risa...

SABELA: Tanto dá...nós rimos e punto...

DANIEL: Oxalá pinche as cinco rodas...

MANUEL: E a do volante...tamén...

SABELA. Cántovos unha de rir...?

TODAS/OS: Cántanos unha de rir...

SABELA: Hoxe deixei o almorzó pola metade para ir coller a mochila...e cando quixen tomar o que me quedaba...non había nada...nada...!

MANUEL: O díaño astronauta guaperas cabaleiro...!!!

SABELA. Que dis?

MANUEL: Papoucho...a eñ gústalle moito andar a medias...e así colleu o teu medio almorzó e...papoucho....

SABELA: Oxalá lle sente mal...

MANUEL : a medias...

OSCAR: Ese díaño...tan astronauta...tan guaperas...tan cabaleiro...non dá pé con bola...cando se pon a facer cousas...pincha...!!!

SABELA: Parece que se mete onde non debe...

PAULA: Si...cando debe entrar...sae...

XURXO: Cando debe baixar...sobe...

SABELA: Ao revés...ao revés...

SARAI: Cando debe queimar...apaga

NOELIA: Non dá unha ao dereito...

SABELA: Nin media...

ALEXANDRE: Que vos parece se o metemos nun mosteiro...? Nun mosteiros cheíño de ...monxas tristes...!!!

TAMARA: Haber se o endereitan medio a medio...que o poñan do revés...

ALEXANDRE: E as monxas que sexan ben escollidas...tristes e terribles...vestidas de rosa...e todas...con bigote...

QUIQUE: E que cheiren a torresmos de touciño...

OSCAR: (rindo) E quen verá a señorito díaño astronauta..guaperas cabaleiro...rezando...rezando e pensando que está pecando...

TAMARA: E así podería rezar..." ceo bonito...que tanto te quero..."

INÉS: Si..si...quero..quero...si...he...he...o díaño...si...quero...

OSCAR: Como vos dou o calote...mirade ben...escoitade...eu son o díaño...

INÉS: astronauta...?

OSCAR: si...

ALEXANDRE: guaperas...?

OSCAR : o mesmo...

TAMARA: Poeta...?

OSCAR: Cuspidiño...!!!

TODAS/OS: Hooo...!!!

OSCAR: E non falo do revés..nisto vou ao dereitiño...non quero ir a ningún conventooo...!!!

ALEXANDRE: Anda hooo...que alí poderás xogar coa auga verde...

INÉS: E comer amoras...



OBRA DE TEATRO: a pola contra do revés

OSCAR: Claro...para estar máis negro...

LUCÍA: E poderás queimar moito ...moito...xofre...

OSCAR: Claro.. e por facer todo iso...non cobro...ou?

PAULA: Pero ti...non te decatás de que andas ao revés...non cobras...pagas...e con mal leite...ou sexa...alegre...

OSCAR: Poñédevos como vos pete...eu...non...vou...ao convento...

TAMARA: Pois algo haberá que facer contigo...fas todo do revés...hai que dicircho ao dereito...para que o fagas ao revés...

ALEXANDRE: Por iso mesmo...oes...podes quedar...nun tren ben alegre...

NOELIA: Que non pite...nin meta medo...

SABELA: Que leve todas as mellares cousas...todas as parellas alegres...

BRAIS: Todo metido nun saco pequeniño...

PAULA: Ou todo sacado de gaiolas con leóns rabiosos....

INÉS: Veña...diaño astronauta guaperas cabaleiro... veña...baixa do tren alegre...baixa e ven aquí...

ALEXANDRE: Faino...faino...que todo o que sobe...baixa...

LUCÍA: E se ven...vai...

MANUEL: E se incha...incha....

LUCÍA: perde aire...

MANUEL: Non señor...se incha...incha...non pasa nada...

ALEXANDRA: Na maleta...levará cousas guapas...

XURXO: Está ben...pero en que estación pasará de largo...?

SARAI: Non hai estación...

QUIQUE. E parará así...chucochucochuuuu....

DANIEL: Así por todos os menores planetas...

NOELIA: E polas estrelas ananas...

MIGUEL: E pola VÍA DO LEITE CORTADO...

PAULA: E por ningún universo...

ALEXANDRE: Polo ningún universo 1...2....3....4....

OSCAR: Para xa...que me mareo... que me mareo de tanta viaxe...

INÉS: (cara ao público).Pois polo menos...mareo xa temos...ou...?

OSCAR: Está claro que isto vai do revés...e así pasando... pasando... pasando....

ALEXANDRE: Tes razón diaño astronauta...guaperas cabaleiro...tes razón...non paro...non paro...(e cara ao público) ola...ola...ola (e dalle ás mans dicindo adeus).

PAULA E LUCÍA: non paramos...non paramos...ola..ola...ola...(vanse)

DANIEL E MIGUEL(o mesmo)

SARAI E BRAIS (o mesmo)

E así os demais dicindo: non paramos...non paramos...ola...ola...ola...

OSCAR: Poise u...NON...NON...Eu...quedando...quedando...quedando...

Que pasa...? Quedo e quedo...(e cara os outros que están fóra)...Vós...vinde para aquí...que agora pode que as cousas se endereiten...vinde...

(veñen todos)

TAMARA: Parece que este amigo noso diaño astronauta...guaperas cabaleiro...fixo algo bonito...ao dereito...endreitounos e así...aquí estamos con el...veña...collámonos...

TODAS/OS: Queremos o ceo...O ceo cheo de estrelas...de estrelas pola liberdade...

OSCAR: Nada do revés...

TODAS/OS: Un paso adiante?...Siii....

OSCAR: Un paso atrás...?

TODAS/OS: Non...Iso...nin pensalo...

OSCAR: Si...así...Os nosos pasos sempre adiante...todos os que se poidan...e ningún atrás...

TAMARA: (cara ao público)...Pois isto foi así...isto acabou...As cousas han ir poñéndose do dereito si...

ALEXANDRE: Do dereito coas mulleres e cos homes de Galicia, cos poetas, coas poetas...coas labregas...cos labregos, coas traballadoras e cos traballadores...cos gobernos, parroquias, concellos, consellerías e ministerios...

TODAS/OS: A porque todo vaia do dereito...CARA ADIANTE...DO-DE-REI-TO...



**No IES Un da Estrada por maio do ano de XM Díaz Castro
CLUBE DE LECTURA –Coordenados polo mestre DAVID OTERO.**

HOMENAXE A DÍAZ CASTRO NO FESTIVAL DE PARDIÑAS



Díaz Casto no palco con Manuel María, Antón Santamarina e Darío Xoán Cabana escoitando o pregón de Fernan vello

Díaz Casto na escola de Pardiñas vendo a exposición de escultura e fotografía




Díaz Casto na entrega de premios do Certame Terra Chá

Aquí comendo en Pardiñas na compañía de outros escritores e dos artesans



NIMBOS

NIMBOS
TEATRO



OBRA DE TEATRO

AUTORAS: María Xosé Iglesias

Sara Lata

1ª posta en escena xuño 14: CEIP SALGADO TORRES (alumnado de 3º, 5º e 6º de Primaria.) A CORUÑA



ESCENA I: NENEZ

Represéntase en escena o manto cheo de follas semellando a forma dunha montaña e vese a X.M. de pequeno xogando na herba.

Narrador: Aí está o noso pequeno Xosé M^a. Gostando da natureza. Disfrutando das cousas máis sinxelas da vida, do cotiá. A súa nai anda cerca.

X.M. neno: Herba pequerrechiña. Sorrís con medo? O sol vai nacendo. E tamén morre sen ti. Por que de ser pequena te me avergoñas ti? Ai, herba pequerrechiña! O Universo sería máis pequeno sen ti.

Nai: Xosé María!

Xa se fincou nas pereiras a primavera.

Vou e non vou de marzo.

Xa non hai piedade para min!

Narrador: E como pasan os anos. Xa está feito un home. E que poeta!!

X.M. adulto:

Diante el unha muller, doce feitura,

E un fillo criado, única victoria.

Tras del fragas zuando, paus, loucura,

E mozas coma rosas, longa historia.


Nai: Pro tralo fume revoto,

de todo o que cai, sentín.

Que Deus andaba a xogar.

Inda hai piedade pra min!

(Saen os dous collidos dos ombreiros.)



ESCENA II: MOCIDADE

Aparece no escenario Díaz Castro mozo (D.C.) cun caderno e unha pluma na man, caracterizado de seminarista, e senta fronte á mesa. Comeza a escribir profundamente concentrado.

Narrador: Cantos momentos vividos tivo o noso poeta. Cantos poemas creados da súa man, do seu sentimento. Cantas vivencias compartidas cos seus amigos!! Canto aprendido no seminario e canta xuventude!!!

D.C. (voz en off):

“Sinto ás veces as horas nos meus ombros e digo que me pesan coma un reino. Eu penso no teu Reino que no é deste mundo, e entón párcenme as miñas horas alas, Xesús, e escuma sobre a mar.”

(Entra en escena Iglesia Alvariño (I.A.) cunha caracterización semellante e diríxese ao protagonista.)

I.A.: Bos días amigo. Que é iso que absorbe os teus pensamentos?

(D. C. non o escoita e continúa escribindo.)

I.A.: Poeta! (D.C. levanta a vista e por fin se decata da presenza do seu amigo na sala)

Abandona por un momento os nimbos que che roldan e dedícalle algo de tempo a este bo amigo teu.

D. C.: Perdoa Aquilino, estaba a recoller “pequenos fragmentos de min mesmo perdidos, coma ventos fuxidos, por antigos camiños esquencidos”.¹

I.A.: Non canso de escoitarte falar. De boa gana revistas e xornais publicarían a túa obra, a xente debería ter a oportunidade de gozar destas verbas.

D.C.: Isto non son máis que nimbos de lus que se lle poñen ás cousas soñadas, ou amadas nas teebras, das cousas que xa foron e se foron pro siguen sendo e non se van xa máis.²

I. A.: Iso é poesía!

D.C.: Poeta ou non, non o sei. Mais eu cantarei ás cousas que na soleira de min mesmo agardan.³ O seminario e os compañeiros tamén sodes parte de min, é por iso que ocupades un anaco deste caderno.

I. A.: Agarda que aviso ó resto da clase, de seguro gustarán de escoitarte.

I.A. abandona o escenario e D.C. fai coma se buscase algo nun caderno. I.A. volta co grupo de compañeiros, todos caracterizados de seminaristas, que sentan no chán ao redor de D.C.

- 1 Extraído do poema: Coma ventos fuxidos
- 2 Extraído do poema: Nimbos
- 3 Extraído do poema: Coma brasas

D.C.:

“A nós clás é a primeira:
é un consello de dèz sabios,
con fina espada na lingua
i--eterna risa nos labios.

Aquí tedes a Albariño
i--a Castro Prieto sentados:
están comentando todo
canto hai dos céios para baixo.

Cerca de Díaz Pichín
veredes a Díaz Castro:
este ousèrva e cala a boca,
e Pichín está calado.

Fernández Xusto e máis Murías
equí están parrafando:
discuten, dán--se bilizcos,
e fan resonar o banco.

Elí detrás parexan
Ónega e García Mato:
Mato rise, rise e rise,
i--Ónega dibuxa un sapo.

Axúntanse Joseíño
e Rodríguez Lorigados:
Joseíño empeza un conto,

e Lorigados acábao.

A nosa clás é a primeira,
i--está feita de dez sabios.

Albariño empeza a roda
e da--lle fin Lorigados.


A nós clás é a primeira,
e ninguén lle toca o sacho.

¡Viva a nosa clás, rapaces!
¡Decide viva, ou vos mato!!”

Todos: Viva!

I.A.: Poeta, es un artista!

*D.C. e I.A., xunto co resto de amigos,
recollen as súas cousas e marchan
parolando.*





ESCENA III: GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

Narrador: No ano 1936 estoupa a guerra civil española. España está moi revolta. Os xornalistas buscan as noticias para que a poboación estea ben informada. A historia repítese tantas veces...

Vendedor de xornais: Extra, extra! O Frente Popular acada a maioría absoluta!!

Un grupo de nenos escenifican a vitoria dos grupos de esquerdas que forman a Frente Popular.

Cidadán: Acaban de asasinar ao deputado José Calvo Sotelo.

Outro cidadán: Esto será motivo suficiente para que estoupe a guerra. Franco apoiará o golpe de estado.

(Rótulo data: 17 xullo 1936)

Aparece un fotógrafo en escena cunha cámara da época escenificando a toma de momentos da guerra. Proxéctanse na pantalla imaxes das consecuencias da guerra civil racionamentos da comida..., miseria, fuxida... ou carteis coas palabras que definan esas mesmas consecuencias. (Opción: Música ou sonido ambiental de bombas)

Vendedor de xornais: Extra, extra! Fin da guerra!! Último parte do xeneralísimo!!

Namentras un alumno fai de comentarista radiofónico (lectura) cun micro da época emitindo o parte do xeneralísimo.

<http://www.fonotecaderadio.com/html/fernandezdecordoba.html>. (En castelán)

(Un marco feito con cartón pluma fará as veces de aparello de televisión. Detrás porase un xornalista do século XXI relatando situacións de protesta en distintos países. Pode ler resumos de noticias. Na pantalla proxectarase unha montaxe coas imaxes relacionadas con esas noticias.)

Un repartidor de prensa de hoxe colle un lote de xornais e lle comenta a outro compañeiro a situación de crise actual. Logo saen os dous falando.

Repartidor: Esto parece que vai a peor.

Compañeiro: Coñecer a nosa historia debería servirnos para evitar cometer os mesmos erros.

ESCENA IV: EN MADRID. PUBLICACIÓN DA SÚA OBRA.

Un bedel ou unha becaria e unha secretaria dispoñen na mesa material de oficina e dous carteis, a un lado (no que se verá de fondo a Cibeles) un que poña Ministerio de Gobernación e ao outro (no fondo verase a Torre de Hércules) un que poña Editorial Galaxia. A persoa abandona o escenario e entran polo lado madrileño Díaz Castro (D.C.) e polo galego Ramón Piñeiro (R.P.).

Observan a Xosé M^a Díaz Castro que está a ler a carta de Ramón Piñeiro.

Un foco alumea o lado de R.P. que comeza a escribir cunha pluma nunha folla, mentres D.C. traballa na penumbra.

Narrador: *Hoxe podemos falar polo móbil, mandar wasps, mesmo conectarnos polo skipe. Noutrora as cartas cos que tiñamos máis lonxe era unha forma eficiente de comunicarnos. O seu amigo Ramón Piñeiro será, entre outros o que lle anime a publicar a súa obra.*

Secretaria: Este home non para de escribir.

Bedel: Ten un lote de follas e todas sobre temas diferentes e en distintos idiomas.

Secretaria: Que importante é saber idiomas. **Bedel:** Nós xa temos dous, o galego e o castelán. **Secretaria:** Que afortunados!!

R.P. (voz en off): Meu querido amigo Xosé María:

Quedei engaiolado polas túas verbas, pola túa lírica. A túa voz, por ser das máis puras e fondas, non debe, non pode estar ausente na lírica galega. Como xa che dixen noutras ocasións tes moito que lle dar a Galicia; por ser dono como es dun espírito como hai poucos. A nosa terra ten dereito a agardar de ti os valiosos froitos da creación espiritual e a Editorial Galaxia podería servirche de vehículo. É por iso que de novo quero alentarche a publicar os teus poemas, non deixes apodrecer esas verbas que son parte da cultura do noso país, de cada un dos teus paisanos.

(Reelaborar. Actividade complementaria na que se expoña un texto expresado por un mestre dirixíndose a un alumno para animalo a dar o mellor de si mesmo.)

Pero non só che escribo para pedirche que compartas a túa arte, tamén quero que sexas testemuña en Madrid do grande momento que está a vivir a literatura galega.

Amigo meu, Galaxia publicou recentemente Samos de Ramón Cabanillas e Hamlet de Álvaro Cunqueiro, ben merecen que lle dediques un tempo á súa lectura, de certo sei que as gozarás.

Se no verán ves a Galicia, gustaría de ter unha conversa en persoa contigo. Temos moito que falar. Unha forte aperta.

Ramón Piñeiro

O foco deixa de alumear a R.P. e diríxese a D.C. que colle unha pluma e comeza a escribir mentres R.P. traballa na penumbra.

D.C. adulto (voz en off): Ben querido Ramón:

Recibín a túa carta. De certo sabes que as angueiras do cotián engulen todo o meu tempo. O traballo de tradutor no Ministerio de Gobernación non me deixa moito tempo para llo dedicar os meus nimbos, mais estas últimas palabras que me enviaches fanme recapacitar. Vexo que aprecias as miñas verbas. Galaxia pode ser un bo vehículo para publicalas. Vou aceptar a oferta que me fas. Estas liñas escritas ao longo de moitos anos verán pronto lus.

(Actividade complementaria: Hai vocabulario certamente complexo. Angueira por exemplo –fai que busca nun libro-- angueira angueira angueira... angueira: calquera actividade ou negocio en que alguén esta ocupado. –mirando ao público-- a miña angueira diaria enche de vocabulario a miña vida.)

Quero tamén compartir contigo, meu amigo, este poema que lle dedico á nosa terra sempre presente no meu corazón:

(Entran un grupo de actrices para escenificar e declamar o poema.)

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move. (Tea con nubes--ondeando)
A esperanza nos teus ollos se espreguiza. (Ollo debuxado na man, manopla, fieltro...)
Aran os bois e chove. (saco con peso, que soe no chan, e mimica e acustica de choiva)

Un bruar de navíos moi lonxanos (un grupo brua e xiran coa man na fronte mirando ao horizonte)
che estrolla o sono mol coma unha uva. (enrullan un anaco grande dun xornal)
Pro ti envólveste en sabas de mil anos, (envolvense coa tea das nubes)
e en sonos volves escoitar a chuva. (deixan a tea, fan un aceno de pensamento coa man e de novo imitan a choiva)

Tranguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo. (levantan a man)
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!, (unha man hacia un lado e hacia outro, bota as mans ao peito e as erguen a modo de desesperacion hacia o ceo)
e toda cousa ha de pagar o seu desmo. (collen de novo o saco e botano ao lombo)

Desorballando os prados como sono, o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono. (tirando as follas dun cesto)
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza! (pisan as follas)

Un cordial saúdo do teu amigo, Xosé María Díaz Castro

ESCENA V: A HERDANZA DE DÍAZ CASTRO

A biblioteca ainda non abriu. Dúas compañeiras do servizo de limpeza están a acabar o seu turno de noite.

Narrador: *Cantas veces visitou Díaz Castro as bibliotecas. Canta información atopamos sobre el nos ordenadores.*

Coa poesía de Díaz Castro fixemos cancións, contos, teatro... Para canto deu o seu poemario e a súa vida.

Limpadora 1: *Ti dirás o que queiras, pero a nosa labor é fundamental neste edificio.*

Limpadora 2 (move a cabeza dun lado a outro, expresando tolería).

Limpadora 1: *Logo non? Imaxinas estas estanterías cheas de polvo? Os libros apodrecerían!!! E o gusto que da sentarse nestas cadeiras limpiñas!!!*

Limpadora 2: *Ai!! Canto me pesa non ter vido de moza!!! Hoxe tería unha boa formación e non pasaría toda a noite limpando o lixo doutros!!! Que afortunados son os rapaces de hoxe en día!! Cantas cousas se fan na biblioteca para animalos a seguir aprendendo!!! Ben. Por hoxe rematouse a nosa xornada.*

Ábrese a biblioteca.(Abrir persianas. O fai a bibliotecaria)

A bibliotecaria vai amosando imaxes en símbolos das normas da biblioteca. (Estas imaxes serán fotografías que as propias alumnas saquen sendo eles mesmos os modelos). As vai colocando e realiza xestos para que imite o público.

Bibliotecaria: *Sempre pendiente de que os usuarios fagan unha boa escolleita. Sempre animando a que lean. Canta información hai na biblioteca. Canto por investigar.*

Usuaría: *Viña buscando información sobre Díaz Castro.*

Bibliotecaria: *Hai meu neniño. So escribiu un libro! E xa está emprestado. De todos os xeitos podes mirar nese panel. Fixéronse moitos traballos sobre a súa obra.*

(Carteis de Normalización Lingüística de Díaz Castro gañadores colocados na traseira).

Usuaría le en alto un poema. O tararea. Xúntanse dous usuarios curiosos. (O transforman rapáandoo en voz alta.)

Bibliotecaria: *(Cun xesto serio manda calar) Shshshsh!!*

Saen os usuarios intimidados pero rindo.

Alternativa:

Comenzan lendo as normas da biblioteca: relaxado e en susurros (Decorado con cartéis das normas)

Neno Lendo un libro xigante elaborado por todos os nenos cada páxina representa un poema de Díaz Castro que vai declamar un neno ou nenos (parellas, grupo) a modo de texto, canción ou rap. Cada poema será interpretado segundo se proxectan os cómics realizados polos alumnos que estarán impresos no libro.

O libro na portada ten a palabra NIMBOS de Díaz Castro. Con base en cartón pluma ou A3 plastificado.

(Cada páxina se proxecta no proxector ou co proxector de corpos opacos. No caso en que na sala onde se vai a representar a obra non ti ese pantalla, poñeríamos unha saba).

Hai dous nenos que irán comentando os poemas, decindo o título e a relación coa súa vida. Remata a escena coa bibliotecaria mandando calar.

Esta última escena o diálogo vai depender dos poemas que escollan as aulas para elaborar o guión de comentario.

ESCENA VI: RESEÑAS DOUTROS AUTORES

O persoal de limpeza dunha oficina dispón a mesa a modo de antigo despacho dun xornal. Un home elegante e aparentemente culto (xornalista III) senta fronte a una máquina de escribir e comeza a golpear as teclas.

Narrador: *Vimos de escoitar a elección da Real Academia Galega.*

O homenaxeado para o día das letras galegas do ano 2014 será Xosé M^a Díaz Castro.

XORNALISTA I *(voz en off):*

Esta semana caeu na miñas mans un libriño dun home sinxelo. O respecto é a máxima na súa vida, e de aí a súa exaltación das pequenas cousas. Aquelas que pasan desapercibidas e que nos aportan tanto. Fálovos de Xosé María Díaz Castro. “Na súa obra rescata a realidade da inercia e a escuridade para alumeala coa palabra axeitada, esa palabra tantas veces embrutecida e machucada por moitos manipuladores”.

Estamos ante un poeta co corazón aberto á vida que na súa mensaxe amosa as luces e penumbras que atopa no seu camiñar. Anímovos a todos, meus querido lectores, a, cando menos, ollar Nimbos. Unha obra que non deixará indiferente a ninguén e que de seguro vos fará valorar as cousas que ao longo do día pasan fronte a nós sen nos decatarse.

Díaz Castro dende agora está chamado a figurar na lírica galega con tódolos dereitos que lle da a súa peculiarísima voz, a voz de Galicia. Como o propio poeta dixo nunha ocasión: “o idioma castelán non é axeitado para a expresión da alma galega”.

XORNALISTA II: Remataches xa co artigo?

XORNALISTA III : Case o teño.

XORNALISTA II: Cando saíra publicado? Na tirada de mañán?

XORNALISTA III: Si. Na tirada de mañán.

FIN

Saen todas as actrices e actores a saudar ao público.

Este guión foi creado por unha mestra e unha futura mestra. Alumna que amosou en todo momento ilusión e gañas de aprender.

O obxectivo da creación deste guión é fomentar a posibilidade de que as linguas e a historia poden levarse das aulas ao escenario, fomentando a creatividade, as capacidades do alumnado e as habilidades interpersonais. Todo iso asentando unha aprendizaxe significativa e cooperativa co aproveitamento das intelixencias múltiples e emocionais en base á promoción de aprender a pensar.

A realidade do ensino público galego exige en todo momento readaptarse aos espazos e aos recursos. Isto estimula o inxenio de mestras, mestres, alumnas e alumnos.

A Coruña, febreiro 2014

Representación da obra de teatro Nimbos con alumnado voluntario de 6º, 5º e 3º.



O guiión quixo recoller o camiño da vida e obra de Díaz Castro fusionándoa coa importancia da aprendizaxe e os recursos que vinculou a biblioteca.

A ilusión e o esforzo que realizaron foi a compensación máxima.

Levan o saber desenvolverse ante o público, traballar en equipo e saber recoller as aportacións igual que a trasladalas.

Sempre podemos mellorar pero cando damos o mellor de cada quen os resultados son maiores que o que aparentemente vemos.

Grazas a todos os que fixéchedes posible esta representación.

Agradecementos á calidade do público que dende os de tres anos ata os maiores souperon valorar o traballo das actrices e actores cun saber estar encomiable.

Parabéns a todas e a todos!!

Autor imaxe Díaz Castro: *Christopher Gyula Nagykohi Castellanos (alumno3ºB)

A convocatoria todo un éxito!!! Os resultados deste obradoiro... Unha achega de sensibilidade e creatividade que amosan a súa calidade.

Esta actividade quedará establecida no noso centro. O xurado infantil anda a prepararse para escoitar as declamacións. Dende infantil ata 3º ciclo votarán polos poemas que recollan esa "beleza que nos fira o corazón".

A xincana é unha participación de todo o centro. Grandes e pequenos están a investigar sobre a cultura galega en relación con Díaz Castro e o Camiño de Santiago.

Os grupos que participarán estarán formados por todas as idades e terán que superar as probas e enigmas que eles mesmos inxeniaron. Outro reto!!!



IV.- O RETORNO Á TERRA. O FESTIVAL DE PARDIÑAS

*David Cordeiro 1º de Artes
les. Maria Soliño de Cangas*

Xosé María
Díaz Castro

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

Volta a Quitiriz

Desde a súa volta a Galicia, a súa segunda vivenda é a **Asociación Cultural Xermolos**, coordinada por **Alfonso Blanco Torrado**, amigo e gran coñecedor da obra de Xosé María Díaz Castro. **Xermolos realizou un encomiable e arduo labor para dar a coñecer o autor e a súa obra**. O propio Xosé María participa durante estes anos nos festivais de Pardiñas, organizados pola asociación.

Fai algunha viaxe a Compostela, onde o agardan Ramón Piñeiro, Alfredo Conde, González Tosar etc. Tamén visita a Manuel María en Monforte e trasládase ocasionalmente a Euskadi, terra natal da súa esposa.

Durante estes anos recibe numerosas homenaxes e participa en todo tipo de actos culturais:

- O 9 de agosto de 1984, organizado por Xermolos, tivo lugar o único recital de poesía que Díaz Castro deu na súa terra. Manuel María, inesperado presentador do acto, afirmaba naquela ocasión: **“Foi unha ledicia. Unha verdadeira lección de autenticidade. O pudor do poeta, a inseguridade e mesmo o nerviosismo, déronlle unha dimensión humana a lectura dos seus versos, que nos emocionou.”**
- En 1987 sae á luz a primeira homenaxe en vídeo dedicada a un poeta vivo, *Xosé Díaz Castro. Nimbos de poesía*, con guiño e dirección de Xulio Xiz.
- O 29 de xaneiro de 1988 no Salón Rexio do Círculo das Artes de Lugo presentouse o libro *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, publicado por Xermolos e mais o vídeo anterior.
- O 25 de febreiro tivo lugar a presentación do vídeo na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Compostela coa participación de Carballo Calero, Blanco Torrado, Xiz Ramil etc.
- En 1989 recibe tres homenaxes en Euskadi, de onde era a súa dona.
- É o tempo no que o seu veciño Raúl Río lle ergue un monumento a Xosé María na súa parroquia natal.
- Continuaron dedicándolle homenaxes e monumentos póstumos, mais unha das mellores, na actualidade, é a páxina web <http://www.poetadiazcastro.com>



Lendo no local da Asociación Cultural Xermolos.

Nunha homenaxe en Urretxu, vila natal da súa muller.



Con Manuel María nun festival de Pardiñas.



Homenaxe na biblioteca de Xermolos.



Monumento de Raúl Río a Xosé María Díaz Castro nos Vilares.

En 1988 morreu inesperadamente a súa muller, María Teresa Zubizarreta. Isto supuxo un forte golpe para el, afectado xa por unha enfermidade cardíaca.

Faleceu en Lugo o 2 de outubro de 1990. Ao seu enterro asistiron numerosos veciños, amigos e escritores. O funeral foi oficiado por Alfonso Blanco Torrado que lle dedicou unhas agarimosas palabras de despedida e, sobre todo, de sincero agradecemento.



Este panel do IES Perdouro de Burela forma parte dunha mostra que fixeron un grupo de rapaces e rapazas deste centro. Traballaron moito para comprender e seguir o itinerario de Díaz Castro, e mesmo viaxaron ata Guitiriz para coñecer os espazos do poeta, por exemplo, a Casa das Palabras, onde Xermolos conserva o arquivo. Nestes contactos apreciamos este novo xeito de valorar o noso patrimonio. Xermolos agradece a utilización que fixeron da nosa páxina

los.org e outras ferramentas que lles valeron para ampliar coñecementos. Este grupo de traballo demostrounos coa súa atención, que o que estamos a facer coas novas tecnoloxías paga a pena. Alfonso nas conversas con eles descubriu que coñecían a Díaz Castro coma el. Esta mostra foi premiada pola Xunta de Galicia, a novel de secundaria, que fixo miles de copias para espallar por todos os colexios, institucións, centros galegos, etc.



Fotos de Fotosuso

A VIAXE NO TEMPO

Hai uns anos, nun lugar da Terra Chá do que non consigo lembrarme, a tres irmáns, María, Lucas e Daniel, encargáronlles na escola facer un traballo sobre Xosé María Díaz Castro; poeta chairego. Foron á biblioteca en busca de información, pero, por mala sorte, todos os libros sobre o poeta estaban empréstados.

-E agora que facemos? –preguntou María.

-Mantede a calma –respondeu Daniel- seguro que atoparemos a solución.

Ao día seguinte, María e Daniel espertaron cun forte ruído que procedía do garaxe. Ambos saltaron da cama e dirixíronse de puntillas ao garaxe. Moi despazo Daniel abriu a porta e él e a súa irmá, puideron ver a Lucas fronte unha estraña máquina.

-Que ben! –exclamou Lucas-. Por fin estades aquí! Xa sei como facer o traballo. Esta enorme máquina é ... unha máquina do tempo! Así podemos ir ata a época de Díaz Castro e saber máis sobre él. Así que veña! Correde a vestirvos!

María e Daniel correron a vestirse e montaron co seu irmán na máquina do tempo, na que Lucas escribiu a data do nacemento de Díaz Castro: o 19 de febreiro de 1914; e tamén marcou o lugar no que naceu o poeta: nos Vilares.

-Esperade, -dixo María-, e a comida?

-Detrás daquela mochila hai unha gran cesta de froita –respondeu Lucas.

María colleu a cesta e acomodouse no chan.

Nun abrir e pechar de ollos estaban nos Vilares, o día 19 de febreiro do 1914. Para que ninguén sospeitara de que viñan do futuro, vestíronse con roupa daquela época agocharon a máquina do tempo tras unhas rochas. Empezaron a buscar a casa do poeta ata que María se deu conta de algo.

-Escoitade –lles dixo aos seus irmáns- xa sabemos cando naceu, así que penso que deberíamos ir as épocas que non saibamos.

-Xa sei! –exclamou Daniel- María préstame o teu caderno.

A rapaza sacou un pequeno caderno do seu peto e deullo ao seu irmán.

-Veredes –explicou Daniel- xa sabemos que naceu en 1914 polo que en 1914 tería cero anos. Pois ben, se a 1914 lle sumásemos por exemplo 45, daríanos 1959, que sería o ano no que el tería 45 anos. Se escribimos 1959 na máquina do tempo, iremos parar a ese ano, así podemos saber o que fixo aos 45 anos.

-Que boa idea! –exclamou Lucas.

Os tres irmáns subiron a máquina ó tempo, pero cando puxeron a primeira data que se lles ocorreu, non souberon recoñecer ao poeta, e volveron á máquina sen información.

-Isto non funciona –dixo Lucas.

-Xa –dixo Daniel- qué podemos facer?

-Teño unha idea –dixo María.

A rapaza pulsou o botón que poñía “VOLVER A CASA”. En canto estiveron de novo no seu garaxe, María saíu da máquina e saíu fóra.

-Esperádeme aí! –lles berrou aos seus irmáns ao lonxe.

Dalí a uns 20 minutos, María entrou na máquina do tempo cunha misteriosa bolsa violeta na man.

-Qué levas aí? –preguntáronlle os seus irmáns.

-Recordades a Violeta, a aprendiz de bruxa? –preguntou a rapaza mentres os seus irmáns asentían-. Pois veredes, conteille o sucedido a Violeta e fabricoume unhas pastillas que nos permitirán viaxar no tempo directamente aos anos que ela me apuntou na lista. Entón, apareceremos no lugar e no ano no que Díaz Castro realizou feitos na súa vida. Por cada época pasada, anotaremos no meu caderno o que aprendemos sobre o poeta e ao volver á casa, faremos un resume sobre a súa vida. Ademais, ao lado de cada frase ven unha fotografía do poeta nese ano. Así, podemos distinguilo.

Os tres tomaron as pastillas e María leu en alto a primeira frase da lista: “Seminario de Mondoñedo, ano no que Díaz Castro tiña 15 anos”. Os tres apareceron de repente no Seminario de Mondoñedo.

-Veña –dixo María- entremos a ver si vemos a Xosé María.

-Pero entón veranos, e sería un pouco raro ver a 3 nenos de 9 anos neste lugar. Non cres? –lle dixo Lucas.

-Si –dixo María- pero grazas ao efecto das pastillas ninguén pode vernos nin oírnos. Somos como fantasmas.

Lucas acetou e os tres entraron no Seminario de Mondoñedo e atoparon dentro ao poeta. Deduciron

que estudara alí e marcharon ata a seguinte época da lista; que era na que o poeta traballou de profesor en Vilagarcía tras a guerra. Tamén superaron esa “proba” con éxito, ao igual que as seguintes, que trataban de cando Díaz Castro abandoou Vilagarcía e se foi a Madrid para traballar de tradutor, e a de cando publicou o seu libro de poemas “Nimbos”.

Todo ía como a seda, pois xa tiñan case todo o seu resume feito e só lles quedaban dúas viaxes. A seguinte etapa era cando o poeta regresou a Guitiriz e colaborou coa Asociación Xermolos, nos anos oitenta. Pero nesta época, non todo lles ía como pensaban. En canto apareceron nesa época e xa se encontraban ao lado de Xosé María, o efecto das pastillas desapareceu! Por sorte, antes de que o poeta se dera conta da presenza dos rapaces, eles xa escaparan correndo a gran velocidade.

-María! –exclamou Lucas-. Por qué non nos avísache de que o efecto das pastillas se agotaría tan cedo!
-Pensaba que o efecto pasaría rematada a viaxe –se defendeu a rapaza-. Pero estade tranquilos, que teño pastillas de reposto.

Pero cando María mirou no seu peto, non había nada. Ao final, decidiron observar ao poeta dende a distancia ou agochándose onde puideran. O plan resultou ter éxito e os tres conseguiron o resumo desda parte da vida do poeta. O malo, era que sen as pastillas, quedarían atrapados nesa época para sempre. Ata que...

-María, -dixo Lucas- qué tes anotado na man?
A nena leu a frase en voz alta: “Recorda que tes as pastillas de reposto no peto dereito”. A nena meteu a man no seu peto dereito e sacou as pastillas.

-Claro! –exclamou a rapaza-. Tiñaas no peto dereito! E antes mirei no esquerdo!
Os tres tomaron as pastillas e leron en voz alta o seguinte fragmento da nota.

A seguinte época tería lugar o 2 de outubro de 1990. En canto apareceron na última época, encontrábanse no cemiterio no que Díaz Castro foi soterrado. Os tres puideron ver, que ese 2 de outubro, foi a morte do poeta. Anotárono na axenda e regresaron á súa casa. Alí escribiron un libro sobre o poeta e a profesora púxolles un sobresaínte.

Carlota Millor Prado
C.E.I.P. Insua Bermúdez-Vilalba



UN ROUBO NO FESTIVAL DE PARDIÑAS

Unha tarde Xosé María Díaz Castro sentouse no seu escritorio disposto a escribir un conto. Xa levaba un anaco escribindo e parou un pouquiño para descansar. Nese mesmo intre un dos libros do andel abriuse diante del, nunha páxina onde no Festival de Pardiñas o alcalde e outras persoas saudaban aos habitantes que os estaban vendo... Quedouse un anaco mirando e descubriu que un espía se agochaba detrás dunhas cortinas negras. Xosé María Díaz Castro averiguou as súas malas intencións, quería roubar o trofeo de ouro con diamantes incrustados, entón o gran libro transportouno a aquela situación. O alcalde comezara co seu discurso que como todos os anos era longo, moi longo. Mentres tanto, Xosé María, que acabara metido no armario dos disfraces, nos camerinos, e como nunca se perdía ningún Festival de Pardiñas xa sabía o camiño para chegar ao escenario onde estaba o ladrón, subiu unhas poucas escaleiras e escondeuse dentro dunha caixa enorme, nela fixo dous buratos por onde mirar por calquera ó ladrón.

O ladrón observou que o trofeo estaba a un dos lados do alcalde, moi cerca do pano vermello. Xosé María viu que o ladrón cambiara de agocho para detrás dunhas teas de cores, entón observou que estaba moi preto do pano. O ladrón subiu por unha escada e púxose enriba dun andel, agarrouse a unha corda e subiu por ela entón situouse enriba do trofeo.

Xosé María seguiu todos os agochos por onde pasara o ladrón, entón víronse cara a cara Xosé María e o ladrón –Xosé María empurrou ao ladrón e meteu-no nun saco, deixouno colgando dunha corda-.

Ante aquel feito todos quedaron abraiados e entre todos decidiron darlle o trofeo a ninguén sospeitara de que viñan do futuro, vestíronse con roupa daquela época agocharon a máquina do tempo tras unhas rochas. Empezaron a buscar a casa do poeta ata que María se deu conta de algo.

-Escoitade –lles dixo aos seus irmáns- xa sabemos cando naceu, así que penso que deberíamos ir as épocas que non saibamos.

-Xa sei! –exclamou Daniel- María préstame o teu caderno.

A rapaza sacou un pequeno caderno do seu peto e deullo ao seu irmán.

-Veredes –explicou Daniel- xa sabemos que naceu en 1914 polo que en 1914 tería cero anos. Pois ben, se a 1914 lle sumásemos por exemplo 45, daríanos 1959, que sería o ano no que el tería 45 anos. Se escribimos 1959 na máquina do tempo, iremos parar a ese ano, así podemos saber o que fixo aos 45 anos.

-Que boa idea! –exclamou Lucas.

Os tres irmáns subiron a máquina ó tempo, pero cando puxeron a primeira data que se lles ocorreu, non souberon recoñecer ao poeta, e volveron á máquina sen información.

-Isto non funciona –dixo Lucas.

-Xa –dixo Daniel- qué podemos facer?

-Teño unha idea –dixo María.

A rapaza pulsou o botón que poñía “VOLVER A CASA”. En canto estiveron de novo no seu garaxe, María saíu da máquina e saíu fóra.

-Esperádeme aí! –lles berrou aos seus irmáns ao lonxe.

Dalí a uns 20 minutos, María entrou na máquina do tempo cunha misteriosa bolsa violeta na man.

-Qué levas aí? –preguntáronlle os seus irmáns.



-Recordades a Violeta, a aprendiz de bruxa? –preguntou a rapaza mentres os seus irmáns asentían-. Pois veredes, conteille o sucedido a Violeta e fabricoume unhas pastillas que nos permitirán viaxar no tempo directamente aos anos que ela me apuntou na lista. Entón, apareceremos no lugar e no ano no que Díaz Castro realizou feitos na súa vida. Por cada época pasada, anotaremos no meu caderno o que aprendemos sobre o poeta e ao volver á casa, faremos un resume sobre a súa vida. Ademais, ao lado de cada frase ven unha fotografía do poeta nese ano. Así, podemos distinguilo.

Os tres tomaron as pastillas e María leu en alto a primeira frase da lista: “Seminario de Mondoñedo, ano no que Díaz Castro tiña 15 anos”. Os tres apareceron de repente no Seminario de Mondoñedo.

-Veña –dixo María- entremos a ver si vemos a Xosé María.

-Pero entón veranos, e sería un pouco raro ver a 3 nenos de 9 anos neste lugar. Non cres? –lle dixo Lucas.

-Si –dixo María- pero grazas ao efecto das pastillas ninguén pode vernos nin oírnos. Somos como fantasmas. Lucas acetou e os tres entraron no Seminario de Mondoñedo e atoparon dentro ao poeta. Deduciron que estudara alí e marcharon ata a seguinte época da lista; que era na que o poeta traballou de profesor en Vilagarcía tras a guerra. Tamén superaron esa “proba” con éxito, ao igual que as seguintes, que trataban de cando Díaz Castro abandonou Vilagarcía e se foi a Madrid para traballar de tradutor, e a de cando publicou o seu libro de poemas “Nimbos”.

Todo ía como a seda, pois xa tiñan case todo o seu resume feito e só lles quedaban dúas viaxes. A seguinte etapa era cando o poeta regresou a Guitiriz e colaborou coa Asociación Xermolos, nos anos oitenta. Pero nesta época, non todo lles ía como pensaban. En canto apareceron nesa época e xa se encontraban ao lado de Xosé María, o efecto das pastillas desapareceu! Por sorte, antes de que o poeta se dera conta da presenza dos rapaces, eles xa escaparan correndo a gran velocidade.

Xosé María Díaz Castro. Agora con todo arranxado, Xosé María volveu ao seu mundo cun trofeo de ouro e cheo de felicidade por ter colaborado unha vez máis con Pardiñas.

Aurora Romero Trastoy 3º E.P.
C.E.I.P. A. Insua Bermúdez-Vilalba

ANXO E O CONCURSO DE PARDIÑAS

Érase unha vez un neno chamado Anxo que quería ir ao concurso de Pardiñas.

Un día Anxo díxolle aos seus pais se podía ir. Os seus pais díxéronlle que non, porque era moi lonxe. Anxo enfadouse, pero tivo unha idea: fixo un conto moi bonito. Ao día seguinte chamou ó seu tío. O tío díxolle que si, e Anxo púxose moi contento. Foron a Pardiñas e presentaron o conto de Anxo. Ao día seguinte dixeron os gañadores e Anxo fora un deles porque o seu conto fora sobre a vida de Xosé María Díaz Castro. O conto ía sobre cando naceu, cando morreu, que facía de pequeno, en que escola estudou, que quixo ser, cando fixo o seu poema e sobre todo cando escribiu a poesía titulada “A BALADA DA ARAÑA”.

Cando chegou á casa ensinoullelo aos seus pais, puxéronse moi contentos e dende aquel día deixárono ir a todos os concursos de Pardiñas.

Anxo Quindimil García 4º E.P.
C.P.I. de Xanceda

PARA XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Pola noite no ceo chairego
eu vexo unha estrela brillante
que mira como os galegos
imos un paso atrás e outro adiante.

É o poeta de Guitiriz
que fai de Galicia un sitio feliz.

Estimado Xosé María
bótante de menos en Pardiñas.

Agora es un río
que esperanza dá os galegos.

Irene Sanmartín Vázquez 3º E.P.
C.E.I.P. A. Insua Bermúdez-Vilalba

O COLEXIO DE LAGOSTELLE PREMIO NA EXPOSICIÓN DE PRIMARIA

Si o les Perdouro de Burela foi gañador coa exposición de secundaria, o de Lagostelle de Guitiriz foi en primaria. Fixeron unha ferverza de trazos e cores, onde temos que remarcar a intervención de todas e todos os nenos do centro. Sentese a vivenza que moitas e moitos deles teñen do festival, proxectadas nas cores e nas liñas... Cómpre remarcar o traballo en grupo, e a síntese emocional que acadaron coa achega de cadaquén. Non foi doado. Acadaron toda unha sinfonía de cores e luz que impacta. Esta mostra percorreu todas as cidades e aldeas de Galiza, mesmo as da emigración. Esta creación en común é o reflexo da harmonía que buscan cada día no colexio e na nosa comarca.



Foto Fotosuso



Fotos Cristina Perez



Xosé M^a Díaz Castro en **Cómic**

Por Carmen Mato e Rares Mezdrea

Letras Galegas

2014

Xosé Díaz Castro



NACEU NOS VILARES (GUITIRIZ), O 19 DE FEBREIRO DE 1914.



AOS 15 ANOS FOI ESTUDAR AO SEMINARIO DE MONDOWEDO.



CANDO REMITOU A GUERRA, UN AMIGO CHAMOUNO PARA DAR CLASE EN VILAGARCÍA.



NO ANO 1947 FOI TRABALLOU A MADRID DE TRADUTOR.




NO ANO 1963 PUBLICOU O SEU LIBRO DE POEMAS «NIMBOS».



NO 80 VOLVEU A GUITIRIZ E ALÍ COLABOROU COA ASOCIACIÓN XERMOLOS.

V.- DISTINTAS LECTURAS DE NIMBOS



*Aldán Cordiro del Río 1º de Artes
les. María Soliño de Cangas*



ENTREVISTA A ALFONSO BLANCO TORRADO

Os alumnos e alumnas de 5º do CEIP de Teixeira temos o privilexio de entrevistar a Alfonso Blanco Torrado, crego de varias parroquias do concello de Guitiriz, presidente da Asociación Cultural Xermolos e amigo persoal do poeta Xosé María Díaz Castro, o autor ao que se lle adica este ano as Letras Galegas. É a persoa que máis sabe sobre o autor de *Nimbos* e sobre a súa obra, e tamén é de salientar que foi o gran impulsor para que se lle adicasen as Letras Galegas deste ano a este poeta dos Vilares de Parga.

Neste centro tivemos a honra de ser visitados, o día 8 de abril, por Alfonso para proporcionarnos, de primeira man, con gran mestría e paciencia, unha privilexiada información, que tan ben soubo transmitirnos a todo o alumnado e profesorado deste centro, dende os nenos e nenas de Infantil de 3 anos ata os de 6º de Primaria, para acercarnos á figura do escritor chairego.

-Bo día, Alfonso! Cantos anos levas asentado en Guitiriz e de onde es?

Vin a remates do 1976. Nacín na emigración en Montevideo, pero a miña familia é da Costa da Morte, da Ponteceso do poeta Eduardo Pondal.

-Sabemos que es crego, podías dicirnos cantas parroquias levas?

Traballo en seis parroquias, pero acompaño coma un máis no seguimento a Xesús de Nazaré, a xente doutras comarcas, a través de asociacións, celebracións, iniciativas... Nesta altura da miña vida sinto a Galicia coma unha gran parroquia con moitas capelas no fondo dos vales ou na cima dos montes...

-Que querías ser de pequeno? Xa che gustaba o mundo relixioso?

Gustábame a animación das festas, e polo tanto participar nelas creando e organizando... Decidín ser crego xa ós vinte e máis anos... estaba no seminario pero buscando o meu destino. Fun para o seminario motivado por aqueles encontros nos domingos no adro arredor da misa. Daquela xuntábanse moitas e moitos veciños, era a hora na que nos viamos, tamén moitos nen@s e moz@s. E a min que me costaba adaptarme despois de vir de Montevideo, falando castelán, etc., atopei nesas xuntanzas, os domingos, un leito para incardinarme no país, e decidín ser crego para colaborar no desenvolvemento total das nosas comunidades. Durante varios anos pensei ir de misionero para Uruguai, onde tiña moita da familia.

-Tamén estamos informados de que es un home moi implicado coa cultura galega. De onde sacas o tempo para atender a tantas actividades?

Cando decidín traballar en Galicia, mergulleime na nosa cultura, coma o herdo que me deron os antepasados. Non fago divisións no meu vivir, só intento ser fiel a esta herencia das e dos bos e xenerosos que construíron este mundo maravilhoso. Seguindo na súa senda de ben, beleza, solidariedade, e achegando o pouco que sei e teño... Vivir, para min, é un agasallo e unha oportunidade que teño que aproveitar para deixar un mundo máis fermoso do que recibín.

-Cando coñeches a Xosé María Díaz Castro? Queres falarnos dese encontro?

*Primeiro coñecín e lin o seu libro *Nimbos* que me emocionou. Cando me destinan a Guitiriz búscoo. Vivía en Madrid e tardei en dar con el. Atopeino nunha viaxe que fixo a Galicia e fixémonos grandes amigos. Impac-*

toume o seu gozo por ter nacido aquí, nas Terras de Parga, pola fala que mamou, pola paisaxe, polas festas e feiras que axudaban a encontrarse ás e ós veciños. Dende a primeira ollada, percibín que iamos polo mesmo camiño: agradecer en cada xornada o poder disfrutar do patrimonio que foron construíndo as e os nosos antepasados, empezando pola natureza que nos permite respirar.

-Fostes bos amigos e viádesvos moitas veces? Por onde paseabades?

Como adoitamos facer tod@s, os amigos buscámonos... Eu traballo nos locais da Asociación Xermolos, e alguén escribiu que Díaz Castro, despois de xubilarse, atopou en Xermolos a súa segunda casa... Viña todos os días e a miúdo iamos pasear polos camiños, cara ós Sete Muíños, ó Forxá, ás veces a Bascuas... Prefería ir ó Campo da Feira para atoparse cos nen@s e falar dos estudos, das cousas que lles gustaban...

-Fálanos da súa infancia.

Díaz Castro naceu nunha familia labrega, e gustáballe ir coas vacas para coñecer a flora e a fauna. Cando aprendeu a escribir levaba un papel e un lapis e apuntaba todo o que lle solprendía: unha pedra caprichosa, unha ave, unha flor..., e aínda neno xa lles facía versos na casa. Para el a Natureza foi o seu primeiro libro... Disfrutaba cos grilos e co sol, pois era un apaixonado da astronomía. A súa poesía está poboada de estrelas, a lúa, os lóstregos... Falaba moito coa xente maior aprendendo refráns, lendas, etc.

-A que anos comezou a facer os seus primeiros poemas? E cal foi o primeiro?

Dende os oito e dez anos, pero o primeiro que gardou foi un que fixo na praia de Sada, xa adolescente, de vacacións cuns tíos. E o primeiro en publicar foi ós 17 anos nunha revista catalana.

-Onde estudou? E con que personaxes coñecidos se relacionou alí?

Estudou para crego no Seminario de Mondoñedo, pero abandonouna na guerra civil..., e despois estudou moitos idiomas, mesmo matriculándose na Escola de Idiomas da Universidade de Madrid. En Mondoñedo atopouse con moitos escritores: Iglesia Alvariño, Noriega Varela, Cunqueiro... Xa en Madrid con Novoneyra, Ben-cho-shei, Celso Emilio Ferreiro...

-Que facía Xosé María en Madrid? A que se dedicaba?

Deu clases tres anos e foi tradutor. Dominaba uns 17 idiomas, e traducía ó castelán os premios nóbel e outros escritores. Foi o responsable dos tradutores no Instituto de Cultura Hispánica e no Consello Superior de Investigacións Científicas, neste centro traducía todos os temas: química, medicina, alimentación, etc.

-Como cres que se puido facer un home tan culto?

Porque amaba o universo no que vivía, e quería coñecer os segredos e tesouros de todas as criaturas que convivían con el, e esforzábbase cada día por dar unha resposta axustada ó que vía e sentía. Cando estudante copiaba o que lle solprendía e non entendía, e despois preguntaba ás e ós maiores sobre aquel tema, e buscaba un libro para ampliar os seus coñecementos sobre aquela cousa.

-Cantos fillos tivo? Coñecíchelos?

Ten tres fillos e un neto que trato dende sempre. Viven en Euskadi e veñen pouco por aquí.

-Algún deles seguiu os seus pasos?

A súa filla Maite, tamén fai poesía e debuxa.

-Cando escribía algúns poemas, acostumaba compartilos ou gardábaos para el?

Compartíaos cos amigos. Pero publicalos só cando lle satisfacían a el, porque era o seu primeiro xuíz. Só quixo publicar un libro e en galego, e tiña gardados outros dous, Follas verdes e Follas ó aire, en galego e un en castelán, Sombras Radiantes, que se publicaron neste mes.

-Explicanos que quere dicir Nimbos, esa palabra que lle dá título á súa obra.

El quere alumear as cousas con "fachas de palabras". Coa súa arte arrinca a luz que agochan todas as criaturas, el quere transmitir os segredos e tesouros de cada cousa. "Nimbos" é esa aureola de luz que irradia cada

ser, son coma esas coroas que teñen os santos, porque todas e todos podemos ter algo que ensinar para que haxa máis ben, máis paz e harmonía no noso medio.

-Cando escribiu ese libro?

Nimbos foi escrito en varias décadas, Díaz Castro era moi perfeccionista e estivo elaborando e depurando estes poemas moitos anos, ata que lle gustaron totalmente. Publicounos no 1961, pero a maioría xa os editara en revistas anos anteriores.

-Cal é o poema desta obra que máis che gusta? E por que?

É “Esmeralda” porque contaxia autoestima para os cidadáns e para o pobo, facéndonos ver que todas e todos somos necesarios, dende a herba pequerrechiña ata o sol

Esmeralda

Herba perquerrechiña
que con medo sorrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sen ti,
¿por que de ser pequena
te me avergonzas ti?
¡O Universo sería
máis pequeno sen ti!”

Sentindo esta sensación somos capaces de agradecer a compañía que nos fan cada día @s que viven a carón noso, coas nosas diferenzas e limitacións. É un milagre que o universo sexa máis pequeno sen unha herba pequerrechiña.

-E o de máis sona? Poderías explicárnolo?

O que ten máis sona é “Penélope”, que é unha definición da Galicia que non dá arrincado polo camiño máis digno para buscar o seu destino no conxunto do mundo: “un paso adiante e outro atrás”. Fala de Galicia dende esta zona que é Teixeira e Guitiriz: “aran os bois e chove”. Xa vos dixen que o himno de Xermolos e do Festival de Pardiñas canta así: “Fun a Parga e Guitiriz, hoxe fun ó mundo enteiro”. É o universo de Díaz Castro e de todas e todos nós.

- Cal é a temática que trata na súa obra?

É moi variada: a paisaxe, a emigración, a relixión, os costumes, os elementos naturais, as criaturas...

-Tiña algunha outra afección ademais da poesía?

Gustáballe o cine, pasear moito polos camiños de sempre, e era un ávido lector de todas as literaturas.

-Onde, cando e de que faleceu?

Nos derradeiros anos tivo algún infarto, e finou o 2 de outubro de 1990 no Hospital de Lugo dunha afección ó pulmón.

-Ti oficiaches o seu pasamento, verdade? E recordas que escritores galegos estaban presentes?

Sí, tiveron que despedir a este amigo nunha celebración de escritores do todo o país: Manuel María, Novoneyra, González Tosar, Darío Xohán Cabana, Cesáreo Sánchez, Xulio Xiz, Paco Martín, Fernán Vello, Lois Diéguez e máis

-Onde está soterrado?

Está soterrado no Cemiterio de Guitiriz, e na súa tumba gravamos o derradeiro verso de Nimbos: “a beleza feriume para sempre”.

-Como é posible que a un home con tan só un libro publicado se lle poida adicar o Día das Letras Galegas?
Porque é un gran poeta. En Nimbos os 32 poemas son o máximo, non se pode escoller un máis ca outro, e to-



dos son dignos de estar nunha antoloxía da literatura universal porque falan dos sentimentos comúns a todas as persoas. Ten máis libros que agora están a publicarse, pero el quixo só editar un.

-Tiveches ti algo que ver con que este ano se lle adicaran a el?

Só na medida na que veño proclamando que era necesario coñecer mellor a un escritor que escolleu a fala da súa familia e país como lingua de expresión, sabendo máis de 17, e porque dámos forza para apreciar o mundo que nos rodea, sobre todo a nosa cultura labrega, el que viviu case toda a súa vida na cidade: Madrid, Vilagarcía, Mondoñedo ... Levamos actividades arredor de Díaz Castro a todo o país porque cremos que necesitamos dos bos e xenerosos para que nos alumeen neste tempo con moitas sombras.

-Xosé María deixou algún libro inédito?

Sí, dous en galego de cando era mozo, e un en castelán dos tempos de Nimbos: Sombras Radiantes. Os tres están agora no forno para saír.

-Conservas ti algún manuscrito del? Como os conseguiches?

Antes de morrer deixoume unha pequena maleta con papeis, manuscritos, fotos, etc. Alí estaban moi coidados estes tres libros inéditos. Agora temos todo este arquivo na Casa das Palabras en Guitiriz.

-Con que tres adxectivos definirías a Díaz Castro?

Humilde, cordial e agradecido.

-Que é un poeta para ti?

É unha síntese ben concentrada de mensaxe e música, pensamento e ritmo...

-Ti es escritor?

Non me considero escritor, pero agradezo o don da palabra coma un xeito de compartir cos demais o que penso e disfruto en cada momento.

-Seguro que tes moitos amigos que si o son, verdade?

Sí, teño moitos amigos creadores: músicos, escultores, artesáns, e tamén escritores... Algúns seguen comigo a través da palabra inmorrente: Manuel María, Novoneyra, Ramón Piñeiro, Fiz Vergara, Avelino Pousa Antelo, Fernández del Riego, e algunhas e algúns máis...

-Cres que algún de nós poderemos algún día chegar a ser escritores recoñecidos?

Descubrino, e xa volo dixen naquel día fermoso en Teixeira... E de feito xa sodes. Tedes que seguir esforzándovos para, coma Díaz Castro, ir mellorando a escrita. Aquel día percibín nas vosas olladas luz e paixón para transmitir o que estades sentindo cos vosos recursos artísticos: música, pintura, poesía, artesanía, danza, etc.

-Querémosche dar as grazas pola túa visita e por contarnos tantas cousas de Díaz Castro, tamén por contestarnos a estas preguntas que publicaremos polas Letras Galegas no periódico escolar do noso colexio.

OS CAMIÑOS ESQUECIDOS

Os camiños esquecidos comezamos esta aventura aló a finais do 2013 cando nos chamaron a un grupo de alumnos, entre eles os que xa participáramos o ano pasado no documental A lus do mundo. O proxecto que íamos levar a cabo, en principio, ía ser un musical pero ao final cambiamos de idea. Decidimos facer unha curta de ficción. Nas primeiras sesións, que realizabamos os xoves polas tardes de



tres a seis, estaban conducidas por Cristina de la Torre de Pasen y Veán Comunicación e directora do documental do ano pasado e da curta deste. Nelas coñecemos distintos tipos de películas e dentro dunha película a distinguir entre trama e historia, todo isto para ter uns coñecementos básicos para logo elaborar un guión para a película.

Nun par de sesións dedicámonos a coñecer máis sobre a vida de Díaz Castro a partir do material que xa tiñamos e do que recollimos. Fixemos grupos e cada grupo encargábase dunha etapa da vida de Díaz Castro: nenez, idade adulta e vellez. Destacabamos acontecementos importantes na súa vida e elaboramos un mapa emocional para coñecer un pouco máis ao noso poeta. Despois disto elaboramos por grupos ou de forma individual a sinopse de como queriamos que fose a película. Na seguinte sesión expuxemos as nosas ideas e con todas elas elaboramos a idea final, collendo partes duns e doutros. A partir deste momento repartímonos en catro grupos, (recreacións, avó e neto, danza e making off e comunicación), cada equipo tiña unha función determinada e dentro deste equipo cada compoñente á súa vez tiña unha ocupación concreta, por exemplo, produción ,realización, dirección, atrezzo, e dentro do grupo de making off que se ocupaba das redes sociais, fotografía, vídeos, notas de prensa, etc.

O 27 de marzo comezamos cos preparativos para a gravación do día seguinte na Casa Habanera e Casa Gaibor, ese día levamos o atrezzo necesario para gravar e mercamos o catering. Ese mesmo día pola tarde comezamos a gravación dunha parte da ficción, a parte de danza, alí os rapaces comezaron a involucrarse no traballo cinematográfico, desde aprender a moverse nun escenario ata controlar o tema da iluminación. Os bailaríns foran aconsellados previamente por unha coreógrafa profesional de danza contemporánea, Rut, a cal lles dera unhas cantas pautas para que esta parte de danza quedara perfectamente encaixada na película. O 28 de marzo desde primeira hora da mañá fomos para o primeiro lugar de gravación, a Casa Habanera e levamos o atrezzo que aínda estaba no instituto. Unha vez alí Pío e Carlos, dous profesionais que viñeron axudarnos, colocaron a iluminación e as cámaras e explicáronnos como o fixeran. Despois maquillamos aos actores que un pouco nerviosos repasaban o texto. Despois empezou a gravación que se alargou toda a mañá xa que eran varias escenas e houbos que rodar varias veces. Fíxose un parón para comer e seguir gravando pola tarde. Unha vez que rematamos na Casa Habanera fomos para ao Gaibor.

No bar Gaibor a rodaxe foi máis complicada xa que, aínda que as escenas eran máis sinxelas, a iluminación do bar era máis mala xa que é un local pequeno e escuro. Tamén foi complicado unha escena que tiñamos que gravar fora xa que o bar está ao pé da estrada que, aínda que non é moi transitada, había que quitar as cámaras cada vez que pasaba un coche. Despois de rematar gardamos todo o atrezzo e os donos do bar convidáronnos a tomar un anaco de torta de millo e un refresco.

O xoves da semana seguinte acabamos de gravar a parte de danza que aínda non rematamos. Que ao igual que na sesión anterior contaran coa colaboración de Óscar, un alumno de 2º de BAC que actúa na película.

O 29 de marzo íase gravar a romaxe no Vilariño dos Cregos pero debido ao mal tempo que fixo no mes de marzo e abril e coa Semana Santa polo medio pospúxose para o 26 de abril. Comezamos gravar na igrexa dos Vilares. Nas escenas que rodamos alí participaban varios profesores e algúns alumnos participamos como figurantes. Tivemos que repetir varias veces as escenas porque os actores trabucábanse e a veces entraban a destempo, aínda que resultou un pouco repetitivo foi moi divertido.

O mesmo día logo de acabar na igrexa dos Vilares fomos para o Vilariño. Alí gravamos na capela e diante da casa de Díaz Castro, na casa de Pepe, que nola prestou para rodar máis escenas, e na aira detrás da casa de Díaz Castro. Alí recreamos unha romaxe dos anos trinta, para facer dita romaxe contamos coa axudas das

nosas familias e compañeiros que viñeron representar as xentes dos Vilares daqueles anos. Tamén nos acompañaron o grupo de gaitas Folquiada e Asociación Ecuestre de Guitiriz. Foi unha xornada moi divertida xa que bailamos, comemos e xogamos a xogos tradicionais ata fartar como se facía naqueles tempos.

O 29 de abril o equipo de making off gravamos entrevistas aos distintos compoñentes do obradoiro e actores entre eles: María Pérez, Iciar Villar, Olga, Suso, Óscar López, Óscar López-Felpeto e Julio, aos que lles preguntamos distintas cuestións sobre a experiencia da gravación e o obradoiro.

O 6 de maio, entrevistamos a Armando Requeixo, crítico literario e autor de Xosé Maía Díaz Castro. Vida e Obra; Cristina de la Torre, directora da curta; Alfonso Blanco, e Raúl Río, amigo do poeta e autor do busto de Díaz Castro que se atopa nos Vilares.

Esta foi unha experiencia moi divertida e da que aprendemos moitas cousas novas, tanto a nivel educativo, xa que ensináronnos a usar unha cámara apropiadamente e sacándolle o maior partido, aprender a controlar os temas de son, como a nivel persoal, posto que grazas a este proxecto aprendemos a traballar mellor en equipo, relacionámonos con xente de outros cursos cos cales antes non tiñamos trato, e sobre todo aprendemos que un traballo ten partes divertidas e partes máis aburridas, pero se todos poñemos un pouco da nosa parte e intentamos levar ese proxecto adiante podémolo conseguir.

Cintia Iglesias García

4º da Eso. Ies Poeta Díaz Castro. Guitiriz

ANO DÍAZ CASTRO

Este ano Xosé M^a Díaz Castro foi recoñecido como autor das Letras Galegas. Isto supón unha revalorización do que moitas veces pasamos por alto e non sabemos apreciar: o rural, a nosa lingua, os nosos costumes e a nosa terra, que no fondo son tamén o noso fogar. O feito de que un home da nosa contorna sexa recoñecido en toda Galicia fai que o seu pobo se sinta orgulloso, máis preto da cultura, sempre galega, e que valore doutro xeito todo o que ten.

Especialmente todos os rapaces do instituto, que están a implicarse na rodaxe dun filme baseado nas vivencias do autor. Na miña opinión é unha actividade que fomenta moitos aspectos, non só o traballo en honor ao poeta senón tamén o traballo en equipo, e toda a organización e dedicación que supón levar a cabo unha película.

Considero que estes proxectos serven para acostumarnos a colaborar todos para un mesmo fin, cada un aportando as súas ideas e capacidades. Algúns botan unha man na parte musical e de baile (cun papel importante na película) e outros aportan atrezzo e material para a rodaxe. Pero a implicación non remata aquí; poderemos ver no filme a pais, nais, avós e nenos de moitas familias dos alumnos e tamén profesores que quixeron aportar o seu gran de area e participar. Gracias a todas estas persoas é posible levar a cabo un proxecto como este. Detrás de 'Os camiños esquencidos' hai moita dedicación e solidaridade.

Esta película é tamén un agradecemento, unha homenaxe e un 'gracias' a alguén que fixo tanto pola súa terra. Un políglota que dominou ata catorce linguas, como era Díaz Castro, decidiu publicar só en galego. Así como el quixo que o galego prevalecese na súa vida como a súa lingua, como a lingua na que el quería contar e escribir, o mínimo que podemos facer todos os que vimos detrás é valorar este traballo e recoñecelo.

Neste 2014 Xosé María Díaz Castro ocupará un posto no cumio da literatura galega, vai ser un autor coñecido e recoñecido, un autor valorado, e todos os galegos e galegas o sentiremos como un pai da nosa lingua. Un pai que a coidou e a quixo. Este ano vai para el.



Eva Fernández Paderne

3º da Eso. Ies Díaz Castro de Guitiriz

DUCIAS DE COLEXIOS PERCORRERON OS ESPAZOS DE DIAZ CASTRO



Así CEIP. Andrade de Pontedeume escolleu Guitiriz para facer a festa de fin de curso. Visitamos a casa do poeta e na sobremesa compartimos as moitas actividades que este centro fixo arredor de Díaz Castro. Houbo un debate con Alfonso sobre a traxectoria do poeta.

Na mesma semana percorrimos o roteiro de Díaz Castro co IES Félix Muriel de Rianxo, onde foi interesante a conversa na Casa das Palabras, onde mesmo as e os alumnos recitaron poemas. O programa "Galicia para o Mundo" da TVE aproveitou Para filmar estas actividades.




PREMIO DOCUMENTAL



*Alberto García Sánchez e
Cristhian Manrique Soto
IES Curtis, 4º A*

Alberto e Cristhian dedicaron varias xornadas a facer entrevistas a veciñas e veciños dos Vilares, para informarse da vida e da obra de Díaz Castro, acadando este documental que imos proxectar nunha SEMANA DE VIDEO DEDICADA A DÍAZ CASTRO



Dous Fotogramas do Documental, donde nos amosan unha eira onde se mallaba, e mais un forno onde se coe o pan

PREMIO DE MURAIS O COLEXIO CONCEPCION ARENAL DE OURENSE



O Colexio Concepción Arenal convivió co les de Guitiriz unha xornada, participando na estrea de “Os Camiños Esquecidos” no salón de actos, e visitando os espazos de Díaz Castro.

Os que os acompañamos alucinamos do traballo que levaban feito durante o ano no seu colexio, que nos mostraron con moito interese.





As nenas e nenos do CEIP A Guia de Moaña, debuxaron e deron cor ós versos de Díaz Castro cunha emoción e intensidade que impactan pola beleza e pola intensidade do seu traballo



1º PREMIO NO CONCURSO LENDO E SOÑANDO



Na foto Paula Solla de As Barxas de Moaña, recreando a Díaz Castro mesmo coas novas tecnoloxías

1º PREMIO no Concurso Lendo e soñando Día das Letras Galegas 2014 convocado por educaBarrié.




Nas ilustracións “Penélope”, de Xosé María Díaz Castro, Confeccionado polo Obradoiro de plástica as Barxas Animación de Paula Solla, 1º Bach
Profesor Luz Beloso
Un paso adiante i outro atrás,
Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove





O Colexio de Valdoviño achegouse a Díaz Castro a través de varias emisións de radio sobre o poeta que imos retransmitir na Semana de Video dedicada a Díaz Castro

O Centro Rural Agrupado de Bergondo fixo un alarde de creación a través deste murais que reflicten a vida e a obra de Díaz Castro



As nenas e nenos do Colexio de Boveda traballaron con afán para proxectar nos seus murais a beleza que captaron na poesía de Díaz Castro



IES BOUZA BREY DE VILAGARCÍA

O IES Bouza Brey de Vilagarcía está a traballar para que Díaz Castro sexa máis coñecido en todo o país. Están fahendosos deses 7 anos que Díaz Castro foi mestre en Vilagarcía e que- ren espallar a súa forza emotiva por todas as comarcas. Levan un curso recreando os versos con debuxos desta calidade

*Desirée Naomi Cancela Santos
2º ESO Bouza Brey de Vilagarcia*



*María Oubiña Arosa
2º ESO Bouza Brey de Vilagarcia*



*Hernan
1º ESO Bouza Brey de Vilagarcia*




Sara Araujo Pires
PC. PI. Bouza Brey de Vilagarcia



Eider Carballeira
1º ESO. Bouza Brey de Vilagarcia



Sara Santiago Ferreiros
1º ESO Bouza Brey de Vilagarcia



Carlos Regueira
PC. PI. Bouza Brey de Vilagarcia

O CLUB DE LECTURA DO COLEXIO CERNADAS DE LOUSAME-NOIA



De preto de Noia achegouse ás Terras de Parga, este grupo de nenas, nenos, pais e nais, e mestres do centro de Lousame. Xantamos na Carballeira de Parga, e Alfonso explicounos a importancia dos ríos na obra de Díaz Castro. Despois fixemos unha parada no cemiterio de Guitiriz onde está soterrado o poeta, para rematar nos Sete Muíños, Unha experiencia máis de como neste ano as nenas e os nenos de Galiza captaron a mensaxe do poeta. Fixemos propósito de seguir disfrutando da paisaxe de Díaz Castro no futuro.



FALLO DO XXXV CERTAME TERRA CHÁ DE LITERATURA E DEBUXO

Nesta edición participaron 1850 nen@s de 118 colexios de toda Galicia

Os premios van ser entregados o domingo 3 de agosto ás 6 da tarde no XXXV Festival de Pardiñas

Dada a excepcionalidade do Ano Díaz Castro, o xurado decidiu publicar tamén na revista dedicada ó poeta, poemas e contos non seleccionados sobre Díaz Castro, e achegarlles ás e ós autores coma agasallo a Revista e algunha publicación.

COLEXIOS DA TERRA CHÁ

DEBUXO

Infantil

Lois Vázquez Rivera e Hugo González Lemos de Lagostelle, Nereo Ocampo Lage de Ínsua Bermúdez-Vilalba, Sara Morandeira López de Parga.

Primaria

1º ciclo: Lucía Uriz Filgueiras, Nara Gómez Gómez e Adrián Castro Martínez de Parga, Sara Paz Miragaya de Lagostelle e Lucía López Alvariño do Mato Vizoso-Vilalba.

2º ciclo: Abel Pena Bodenlle de Lagostelle, Ariadna Rego Dorado de Insua Bermúdez-Vilalba, Hugo Sanmartín Rodríguez de Lagostelle, Daniela García Pena e Noemí García Gutiérrez de Parga.

3º ciclo: Silvia Núñez Vián de Rábade, Juan López Pazo e Laura Villar Loureiro de Lagostelle, Sofía Cabado Carral de Rábade, Juan Buján Aparici de Parga, Jani Otero Veiga e Xoel Santamariña Iglesias de Lagostelle.

Eso

1º c: Lucía Campos Gonzalez do les Poeta Díaz Castro de Guitiriz

2º c: Sara Campos González do les Poeta Díaz Castro de Guitiriz

POESÍA

Primaria

1º ciclo: Uxía Castelo Quintanilla e Paula Rodríguez González de Lagostelle.

2º ciclo: Nerea González Burgo do Insua Bermudez, e Paula Balsa Díaz, Alba Folgueira Corral, Maite Villar Sanchez e Manuel Lorenzo García de Lagostelle, Paula Ferreiro Vazquez do Mato Vizoso-Vilalba e Samuel Alvariño Amado do Insua Bermudez-Vilalba.

ESO

1º ciclo: Ismael Francos López do Basanta Silva-Vilalba, Alba Bergantiños Torres do les Poeta Díaz Castro de Guitiriz

2º ciclo: Fatima Fernández García do les de Guitiriz

PROSA

Primaria

1º ciclo: Luis Rivas Carballal de Mato Vizoso e Sara Paz Miragaya. Lagostelle.

2º ciclo: Carlota Millor Prado. Insua Bermudez-Vilalba, Maria Elisa Sanmartin Campelo e Cristina Paderne Roca. Lagostelle

ESO

1º ciclo: Oscar Lopez-Felpeto Beres, les de Guitiriz

2º ciclo: Eva Fernández Paderne, Cintia Iglesias García, les de Guitiriz

Bach

Esteban Roca Núñez e Eva Lopez Seijas do les Díaz Castro

COLEXIOS DE FÓRA DA TERRA CHÁ

DEBUXO INFANTIL

Premio conxunto ás nenas e nenos de 5 anos do CEIP A Guía de Moaña polos debuxos ó poema Noite de Díaz Castro.

Ada García Hernández, Daniela Meijide García e Sofía Bridge Sánchez de Teixeira

Primaria

1º ciclo ó Ceip Nº1 de Foz pola selección Díaz Castro e Pardiñas: Saul Goyos Camasca, Bruno Rodríguez Doco, Crinu Calin Cioaca, Antía Castro López e Sofía Manín Rodríguez.

2ºciclo: Alba Garea López de Xanceda, Xiana Abad López de Teixeira, María Abalo Lorenzo e Lidia Figueiras Quintas do CPI Progreso de Catoira.

3ºCiclo: Sofía Vilariño Silvar do CEIP de Andrade-Pontedeume, Marcos Bermejo Díez e Mario Gómez Freire de Teixeira, Zaira García Edreira do CEIP Andrade-Pontedeume.

ESO

1º ciclo: María Oubiña Arousa, Pablo Nogueira e Héctor Comendador Parajó do Bouza Brey de Vilagarcía, Lucía Sánchez Mandayo de Xanceda, Uxía Castro Barro de Monte Caxado de As Pontes, e Iratxe Ayucle, María González, Xoán Manuel Tío Vázquez, Javier Comendador Parajó, Alicia Gil Barcala, Rita María Bautai Barral, Álvaro Granja e Pablo Pérez de Vilagarcía

2º ciclo: Lara Barreiro CPI dos Dices de Rois, Miguel Ledo Roca do Monte Caxado de As Pontes

PROSA

Primaria

1º ciclo: Jacobo Gayoso Sixto do Foz nº1

2º c. Brais Merelas Salgado, Diego Novo Vigo e Angela Prado Penas de Teixeira, Anxo Quindimil García de Xanceda.

3ºc: Uxía Dono García de Xanceda

ESO

Laura Espiño, Ies, nº 1 de A Estrada

POESÍA

2º c- Marcos Bermejo Díaz de Teixeira, Silvia García Fernández do CEIP Álvaro Cunqueiro Mondoñedo e Uxia Sanchez Vazquez de Teixeira

Eso

1º ciclo: Roi Otero Baamonde de Monte Caxado de As Pontes, Emilio Muiños Calvelo, Adrian Fernández Virseiro e Ainoa Casal Rodriguez do Ies nº 1 de A Estrada

2º ciclo: Celia Vila Fernandez, Lucus Augusti de Lugo, Miriam Gomes e Regina Touceda Rey do. CPI Aurelio Marcelino Rey García. Cuntis,

Noemí Purriños Lago de Monte Caxado de As Pontes

Bach

Lucia Sarceda Rodriguez, Lucus Augusti de Lugo

Ante a numerosa concorrencia de traballos dedicados a Diaz Castro en diferentes soportes, o xurado decidiu ampliar as seccións desta convocatoria a estes apartados:

TEATRO

“Teatro Nimbos”, 3º,5º,6º primaria CEIP Salgado Torres de A Coruña

“Indo contra o revés” de 1º/2º Eso do IEs nº 1 de A Estrada.

DOCUMENTAIS

“Xosé María Díaz Castro” de Aarón Diz Barrera (2º de Bach) Universidade Laboral de A Coruña
Alberto Garcia Sanchez e Cristhian Marquez do IES de Curtis

FOTOGRAFIA

Maria Davila, Greta Annino, Angela Alfaya e Mar Bentancor de Plástica IES María Soliño de Cangas
Noa Pena Bodenlle do IES Díaz Castro de Guitiriz

COMIC

Uxia Trastoy Villares do IES Insua Bermudez de Vilalba

MURAIS

Infantil

CEIP Rosalia de Castro de Boveda

CEIP de Andrade de Pontedeume

Premio á serie de murais do CRA de Bergondo

Primaria

1º ciclo de Santa María de As Pontes

3º c. “A Noite é...” de CEIP Andrade de Pontedeume.

Ramón Sónora Ochoa do Cernadas de Lousame-Noia

Secundaria

“Penelope” do Concepción Arenal de Ourense (4º eso sección de plásticas)

PCPI: Sergio Domínguez Iglesias e Sara Araujo Pires, Carlos Regueira Méndez, Pablo Ares Pomares, Noelia

Barcala Nogueira do Bouza Brey de Vilagarcía

2ºESO

Desirée Cancela Santos, Sara Santiago Ferreirós, Laura Carro Lago de Vilagarcía

VIDEO-POEMAS

4 anos

A Guia-Moaña

CRA Lago-Valdoviño

1º EP CEIP A Guia-Moaña

CRA Amencer de Ribadavia

2º c. Ceip Santa Maria de As Pontes

Eso 3º e 4º de Bouza Brey de Vilagarcía.

Bach:

Paula Solla do IES As Barxas de Moaña

Rodrigo Pereira e Gabriel Bermúdez de IES Perdouro de Burela

ASOCIACIÓN CULTURAL XERMOLOS



Busto e sombra
Noa Pena Bodente



A NOITE É NECESARIA

*HAI homes cheos de sombra,
homes a contraluz
que che fan ver a Deus
coma unha mar de lus.*

GADIS

